# XII XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

16 de outubro de 2025

# LIBRO DE RESUMOS

> ORGANIZA

> PATRONICAN

XII XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

# PROGRAMA E RESUMOS

16 de outubro de 2025

**Organiza:** Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide

XII XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

**Editado por: María José Ginzo Villamayor**

**en Santiago de Compostela**

**ISBN: XXX-XX-XX-XXXXX-X**

# Presentación



A Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide (MeLiSA) comprácese en presentar a XII Xornada de Usuarios de R en Galicia.

Este evento busca converterse nun punto de encontro para todas aquelas persoas interesadas en compartir as súas experiencias e establecer colaboracións dentro da comunidade, ao tempo que promove e difunde o coñecemento libre da linguaxe estatística R e as súas aplicacións prácticas.

O programa contempla vintetrés relatorios ao longo de todo o día. Dos cales oito son convidados e ás outras quince atenderon á chamada de recepción de propostas.

O evento contará con participantes destacados do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), da Xunta de Galicia, así como do Instituto Galego de Estatística e das tres universidades galegas ou da Universidad Miguel Hernández de Elche. Tamén participarán académicos de universidades internacionais, como a University of Helsinki, Universidade Federal Fluminense (Brasil) e da Academia da Força Aérea (Brasil), así como das entidades Biostachech ou 3edata.

Todo isto non sería posible sen o patrocinio de AMTEGA á que agradecemos a súa contribución.

Santiago de Compostela, outubro de 2025

O Comité Organizador

## Comité organizador

María José Ginzo Villamayor
*Universidade de Santiago de Compostela*

Rafael Rodríguez Gayoso
*Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide*

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
*Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)*

## Comité científico

María José Ginzo Villamayor
*Universidade de Santiago de Compostela*

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
*Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)*

# Información xeral

XII XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

## Data

16 de outubro de 2025

## Lugar de celebración

Salón de Graos. Facultade de Matemáticas (USC)

## Web das xornadas

https://www.r-users.gal/

## Certificados

Todos os certificados remitiranse ás persoas solicitantes en formato dixital por correo electrónico unha vez rematada a XII Xornada.

# Programa

XII XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

## 16 de outubro de 2025

VERSIÓN PRELIMINAR (suxeita a cambios)

Hora Actividade / Expositor

08:45 - 09:00 Recepción de participantes

09:00 - 09:15 Sesión de apertura: Alberto Cabada Fernández – Decano da Facultade Matemáticas, Daniel Cao Labora – Director do Departamento de Estatística, Mª José Ginzo Villamayor – Comité Científico, Universidade de Santiago de Compostela

09:20 - 09:40 Genómica de la conservación de la especie Daphne gnidium en poblaciones costeras atlánticas de Galicia. Carlos Mirás Viña, Adrián Casanova, Fernando Cabana, Miguel Hermida, Andrés Blanco, Javier Ferreiro, Pablo Ramil, Carmen Bouza, Manuel Vera – Universidade de Santiago de Compostela

09:40 - 10:00 Estimación de filamentos no plano mediante o uso da envoltura r-convexa. Aplicación a datos LiDAR. Héctor González Vázquez, Beatriz Pateiro López, Alberto Rodríguez Casal – Universidade de Santiago de Compostela, CITMAga

10:00 - 10:20 Máis ca un mapa: solución semi-automatizada para xerar cartografía de hábitats. Boris Hinojo Sánchez, Yago Alonso, Federico Cheda, Marco Rubinos – 3edata

10:20 - 10:40 O manexo de imaxes termográficas con R: identificando o perímetro dun incendio forestal. Marta Rodríguez Barreiro, Mª José Ginzo Villamayor – CITMAga

10:40 - 11:00 Análisis funcional y modelado predictivo de energía fotovoltaica con R: un estudio en la UDC. Marina Sánchez Villaverde, Manuel Oviedo de la Fuente, Carlos José Escudero Cascón – Universidade da Coruña

11:00 - 11:20 Web scraping de páxinas dinámicas. Automatizando o buscador con RSelenium. Martín García Cebeiro – Universidade de Santiago de Compostela

**11:20 - 12:00 PAUSA CAFÉ**

12:00 - 12:20 Uso de R en Saúde Pública. Miguel Ángel Rodríguez Muíños, Gael Naveira Barbeito – Consellería de Sanidade

12:20 - 12:40 Da abundancia á evidencia: análise diferencial de datos ómicos en R. Julia García Currás – Biostatech, Universidade da Coruña, CITIC

12:40 - 13:00 HULA R! Potencialidades de R na investigación sanitaria. Adrián Casanova Chiclana, Andrés Blanco, Inés Sambade, Rocío Valín, Pilar Rodríguez Ledo – Unidade de Investigación Clínica de Lugo (HULA, FIDIS)

13:00 - 13:20 Estimación robusta de rexións de referencia condicionais. Aplicación na investigación da diabetes. Sara Rodríguez Pastoriza, Javier Roca Pardiñas, Oscar Lado Baleato – Universidade de Vigo

13:20 - 13:40 Mecanismos post-transcripcionales en cistinosis nefropática: integración transcriptómica y proteómica. Diana Carolina Castro Fernández – Universidade de Santiago de Compostela

13:40 - 14:00 Análise do efecto da consulta electrónica no Servizo de Cardioloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Iria Iglesias Gende, Mercedes Conde Amboage, Francisco Reyes Santías – Universidade de Santiago de Compostela

14:00 - 16:00 PAUSA XANTAR

16:00 - 16:20 Estudio de la comunidad de diatomeas en el río Lor. David Olañeta Suárez, C. Gómez Rodríguez, L. Manel – Universidade de Santiago de Compostela

16:20 - 16:40 Uso de R na Estimación en Áreas Pequenas: Un caso real con datos bidimensionais. María Bugallo Porto, Esteban Cabello, María Dolores Esteban Lefler, Domingo Morales Gonzáez, Agustín Pérez, Sofía Rodríguez Ballesteros – Universidad Miguel Hernández de Elche

16:40 - 17:00 Simulación de escenarios de mercado mediante modelado estocástico en R. Daniel Grande Fernández, Antón Seijo Barro – Universidade de Santiago de Compostela

17:00 - 17:20 O impacto da Obriga de Desembarque da UE nas estratexias de pesca da frota de arrastre costeira española. Santiago Arce Pilo, Adriana Nogueira Gassent, José Antonio Castro Pampillón – Universidade de Vigo

17:20 - 17:40 O uso da cor na difusión de datos estatísticos: unha cuestión nada trivial. Jordán Soubrier Benavides – Instituto Galego de Estatística

**17:40 - 18:00 PAUSA**

18:00 - 18:20 Exemplo de análise de datos na Xunta de Galicia: análise de uso de licencias de software ofimático. Marcos Fernández Arias – Xunta de Galicia

18:20 - 18:40 Aprendendo estatística con LEARNINGSTATS. Elena Fernández Sedes, María Isabel Borrajo, Mercedes Conde Amboage – Universidade de Santiago de Compostela

18:40 - 19:00 R como herramienta para el estudio de patrones biogeográficos. Ramiro Martín Devasa, Sara Martínez Santalla, Carola Gómez Rodríguez, Rosa M. Crujeiras Casais, Andrés Baselga Fraga – University of Helsinki

19:00 - 19:20 Traballar con datos de xeito limpo e eficiente coa libraría tidyverse. Mª José Ginzo Villamayor – Universidade de Santiago de Compostela, CITMAga

19:20 - 19:40 Modelagem para otimizaçao de escalas de fiscais de prova. Luciane Ferreira Alcoforado, João Paulo Martins dos Santos – Academia da Força Aérea (Brasil)

19:40 - 20:00 Capturando Bordas de Grafismos Marajoaras para Construçao de Mandalas Matemáticas. João Paulo Martins dos Santos, Luciane Ferreira Alcoforado – Academia da Força Aérea (Brasil)

Índice

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# O impacto da Obriga de Desembarque da UE nas estratexias de pesca da frota de arrastre costeira española

Santiago Arce Pilo[1], Adriana Nogueira Gassent[2] e José Antonio Castro Pampillón[3]

[1]Universidade de Vigo
[2]Insituto Español de Oceanografía
[3]Insituto Español de Oceanografía

## RESUMO

A Obrigación de Desembarco, introducida pola Unión Europea en 2013 e plenamente vixente desde 2019 para todas as especies suxeitas a regulación, prohibe botar ao mar as capturas non desexadas, esixindo o seu desembarco en porto baixo unha categoría específica que exclúe a súa comercialización para consumo humano. Esta medida pretende incentivar unha pesca máis selectiva e sostible. Porén, a súa implementación suscitou interrogantes sobre a súa eficacia real, os cambios operativos inducidos e os factores que determinan o descarte.

Este traballo analiza o impacto desta normativa nas estratexias de pesca da frota de arrastre costeira española, con especial atención á pescada europea (*Merluccius merluccius*), unha especie de elevada importancia comercial e ecolóxica. A análise baséase en datos do programa de mostraxe científica a bordo, recollidos entre 2009 e 2023 en augas do Cantábrico e Noroeste. Aplicouse un enfoque estatístico en dúas partes, mediante modelos aditivos xeneralizados (GAMs). A primeira parte modela a probabilidade de que se produza un descarte e a segunda, a proporción descartada cando este ocorre. Para identificar posibles cambios derivados da normativa, incluíronse termos diferenciados por período (antes e despois da súa implementación). Todo o proceso de análise e modelización realizouse empregando o software **R**, concretamente a libraría **mgcv** (Wood, 2017).

O estudo analiza de forma explícita os factores que inflúen no descarte, salientando a profundidade, a velocidade do buque, a distancia á costa, a estacionalidade e o recrutamento de xuvenís.

Os resultados mostran que, tras a entrada en vigor da normativa, a proporción de capturas descartadas reduciuse significativamente, mentres que a probabilidade de que ocorra un descarte non variou de forma apreciable. Isto suxire que os pescadores modificaron as súas prácticas para minimizar o volume de captura non desexada, probablemente adoptando estratexias máis selectivas.

Este traballo achega evidencia empírica sobre a resposta adaptativa do sector pesqueiro fronte a un marco regulador complexo, e subliña a utilidade da modelización estatística avanzada para comprender como os factores ecolóxicos, técnicos e espaciais condicionan as decisións de descarte. Os resultados contribúen a mellorar o deseño e a avaliación de políticas pesqueiras máis eficaces e sostibles.

**Palabras e frases chave:** Inclúa aquí as palabras e frases chave. Máximo de seis.

## REFERENCIAS

Wood, S. N. (2017). *Generalized Additive Models: An Introduction with R (2nd ed.)*. Chapman and Hall/CRC.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# Uso de R na Estimación en Áreas Pequenas: Un caso real con datos bidimensionais

María Bugallo[1], Esteban Cabello[1], María Dolores Esteban[1], Domingo Morales[1], Agustín Pérez[2] e Sofía Rodríguez-Ballesteros[1]

[1]IUI Centro de Investigación Operativa, Universidade Miguel Hernández de Elche, Alicante
[2]Dpto. de Estudos Económicos e Financeiros, Universidade Miguel Hernández de Elche, Alicante

## RESUMO

A Estimación en Áreas Pequenas combina información auxiliar e modelos estatísticos para obter resultados fiables en dominios con pouca mostra. R ofrece ferramentas específicas para axustar modelos mixtos, predecir indicadores e estimar o seu erro cadrático medio. A aplicación a datos reais céntrase no custo laboral e salarial, por traballador e hora efectiva, en empresas españolas, con dominios definidos por Comunidade Autónoma, división CNAE a dous díxitos e tamaño empresarial. Empregan modelos bivariantes de erro anidado sobre transformacións logarítmicas. A partir deles obtéñense os mellores predictores empíricos, versións conformes e estimacións do erro mediante bootstrap paramétrico. O estudo está financiado polo Instituto Nacional de Estatística no marco das súas iniciativas de apoio á investigación en Estatística Oficial.

**Palabras e frases chave**: estimación en áreas pequenas, estatística oficial, modelos mixtos, datos bidimensionais, custo laboral por traballador, custo salarial por hora efectiva.

## 1. INTRODUCIÓN

A Estimación en Áreas Pequenas é unha rama da estatística que busca obter estimacións fiables en dominios xeográficos ou poboacionais con tamaños mostrais pequenos. En contextos onde as enquisas tradicionais non proporcionan datos abondo para certos subgrupos, estas técnicas permiten "tomar forza prestada" doutros dominios ou variables auxiliares mediante modelos estatísticos, mellorando así a precisión dos resultados. A súa aplicación é especialmente relevante na Estatística Oficial, onde é necesario dispoñer de información para a toma de decisións a nivel desagregado. Para realizar estimacións en áreas pequenas é preciso empregar ferramentas estatísticas avanzadas que permitan axustar modelos, obter predicións e avaliar a incerteza asociada aos resultados.
A linguaxe R constitúe unha plataforma especialmente axeitada para este propósito, xa que ofrece múltiples librarías específicas para a implementación de técnicas de estimación en áreas pequenas. Estas técnicas divídense en dúas grandes categorías: os *modelos a nivel de área*, que relacionan estimacións directas baseadas no deseño mostral con covariables específicas de cada dominio, e os *modelos a nivel de unidade*, que empregan directamente as respostas individuais da enquisa como variables obxectivo. Entre as librarías de R máis destacadas atópanse `sae` (Molina e Marhuenda, 2015), que inclúe modelos clásicos como o de Fay-Herriot (1979) para datos agregados e o de Battese, Harter e Fuller (1988) para datos a nivel individual; `emdi` (Kreutzmann et al., 2019), centrada na estimación de indicadores de pobreza e desigualdade; e `hbsae` (Boonstra, 2022), orientada a modelos bayesianos mediante enfoques xerárquicos. Estas ferramentas converten R nun entorno versátil e potente para o desenvolvemento de aplicacións estatísticas neste ámbito.
Neste traballo preséntase unha metodoloxía para estimar indicadores complexos sobre o custo laboral e salarial a partir da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL), publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE). En concreto, abórdase a estimación do custo laboral por traballador

e do custo salarial por hora efectiva, desagregados por actividade económica (división da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) a dous díxitos), Comunidade Autónoma e tamaño empresarial (1–49, 50–199, 200 e máis traballadores). Para iso, propóñense modelos bivariantes de erro anidado a nivel que permiten predecir conxuntamente pares de variables (custos, número de traballadores e horas efectivas, entre outros). Esta estratexia evita o uso de cocientes sesgados e garante maior coherencia nas estimacións. Dado que o axuste deste tipo de modelos non está dispoñible nas librarías existentes de `R`, desenvolveuse código propio para implementar a metodoloxía proposta (Esteban et al., 2022a, 2022b). A predición e a avaliación da incerteza baséanse en métodos empíricos e técnicas bootstrap, sen depender da distribución do deseño mostral.

## 2. METODOLOXÍA ESTATÍSTICA

Baixo a teoría predictiva de inferencia en poboacións finitas, os vectores censais que conteñen os valores das variables obxectivo considéranse aleatorios e a súa distribución vén dada por un modelo estatístico. Nesta sección xeralízase o modelo lineal mixto de unidade con intercepto aleatorio, tamén coñecido como modelo de erro anidado (*Nested Error Regression Model*, NER), a un contexto bivariado. Este modelo empregarase como base para a construción de predictores dos indicadores de interese en áreas pequenas e o cálculo de seu erro cadrático medio (*Mean Squared Error*, MSE).

### 2.1 MODELO BIVARIANTE DE ERRO ANIDADO

Sexa $U$ unha poboación de tamaño $N$ dividida en $D$ dominios ou áreas $U_1, \ldots, U_D$ de tamaños $N_1, \ldots, N_D$, respectivamente. Sexa $N = \sum_{d=1}^{D} N_d$ o tamaño global da poboación. Sexa $y_{dj} = (y_{dj1}, y_{dj2})'$ un vector de variables continuas medidas na unidade poboacional $j$ do dominio $d$, $d = 1, \ldots, D$, $j = 1, \ldots, N_d$. Para $k = 1, 2$, sexa $x_{djk} = (x_{djk1}, \ldots, x_{djkp_k})$ un vector fila que contén $p_k$ variables explicativas e sexa $X_{dj} = \mathrm{diag}(x_{dj1}, x_{dj2})_{2\times p}$ con $p = p_1 + p_2$. Sexa $\beta_k$ un vector columna de tamaño $p_k$ que contén os parámetros de regresión e sexa $\beta = (\beta_1', \beta_2')'_{p\times 1}$. O modelo bivariante de erro aninado (BNER) (Esteban et al., 2022a, 2022b) asume que

$$y_{dj} = X_{dj}\beta + u_d + e_{dj}, \quad d = 1, \ldots, D,\ j = 1, \ldots, N_d, \tag{1}$$

onde os vectores de efectos aleatorios $\{u_d\}$ e erros aleatorios $\{e_{dj}\}$ son independentes con distribucións $u_d \sim N_2(0, V_{ud})$ e $e_{dj} \sim N_2(0, V_{edj})$, $V_{ud}, V_{edj} \in \mathcal{M}_{2\times 2}$. Na práctica, obsérvase unha mostra $s \subset U$, descomposta en subconxuntos $s_d \subset U_d$, e axústase o modelo (1) a estes datos, utilizando as variables transformadas en escala logarítmica para corrixir asimetrías e discrepancias de escala.

### 2.2 MELLOR PREDICIÓN EMPÍRICA E ESTIMACIÓN DO ERRO

Primeiro proponse predecir parámetros aditivos de dominio que poden expresarse como

$$\delta_d = \frac{1}{N_d}\sum_{j=1}^{N_d} h(y_{dj}), \quad d = 1, \ldots, D, \tag{2}$$

onde $h$ é unha función medible coñecida $\mathbb{R}^2 \to \mathbb{R}$. En concreto, as medias poboacionais das transformacións logarítmicas inversas calcúlanse considerando $h(y_{dj}) = z_{dj1} = \exp(y_{dj1}) - c_1$ e $h(y_{dj}) = z_{dj2} = \exp(y_{dj2}) - c_2$, respectivamente, con $c_1, c_2 > 0$. Deste xeito, conséguese que

$$y_{dj1} = \log(z_{dj1} + c_1) \quad \text{e} \quad y_{dj2} = \log(z_{dj2} + c_2), \quad c_1, c_2 > 0.$$

Os correspondentes parámetros aditivos de dominio (parámetros $\delta_d$) son

$$\overline{Z}_{d1} = \frac{1}{N_d}\sum_{j=1}^{N_d} z_{dj1}, \quad \text{e} \quad \overline{Z}_{d2} = \frac{1}{N_d}\sum_{j=1}^{N_d} z_{dj2}, \quad d = 1, \ldots, D. \tag{3}$$

O mellor preditor (*Best Predictor*, BP) de $\delta_d$ é $\hat{\delta}_d^{\mathrm{BP}} = E_{y_r}\left[\frac{1}{N_d}\sum_{j=1}^{N_d} h(y_{dj}) \mid y_s\right]$, que depende do vector de parámetros descoñecidos $\psi = (\beta', \theta')'$. Sexa $\hat{\psi} = (\hat{\beta}', \hat{\theta}')'$ un estimador mostral. As covariables coñécense en todas as unidades da poboación. Logo, o BP empíricio (EBP) de $\delta_d$ é

$$\hat{\delta}_d^{\mathrm{EBP}} = \frac{1}{N_d}\left\{\sum_{j\in s_d} h(y_{dj}) + \sum_{j\in r_d} E_{y_r}\left[h(y_{dj}) \mid y_s; \hat{\psi}\right]\right\}, \quad \text{sendo } r_d = U_d \backslash r_d, \quad d = 1, \ldots, D. \tag{4}$$

Na práctica, apróximase mediante Monte Carlo. A continuación, proponse calcular o EBP da razón $R_d = \frac{\overline{Z}_{d1}}{\overline{Z}_{d2}}$, dun xeito análogo, aínda que máis complexo por ser un parámetro non aditivo.
Finalmente, resólvese un problema de predición conforme multidimensional con restricións de positividade, de xeito que o numerador e o denominador da razón sumen os valores prefixados en varios niveis de agregación superiores. Isto garante a coherencia cos resultados publicados polo INE, baseados en metodoloxías máis sinxelas que proporcionan estimacións fiables en áreas agregadas, conferindo así sentido e compatibilidade ás estimacións obtidas a nivel desagregado.
En relación ao cálculo das medidas de erro, as aproximacións analíticas do MSE son difíciles de derivar para a predición de parámetros complexos, como medias poboacionais de transformacións non lineais e cocientes. Por este motivo, proponse empregar o bootstrap paramétrico para estimar o MSE, seguindo a metodoloxía proposta por González-Manteiga et al. (2008).

## 3. APLICACIÓN A DATOS REAIS

A ETCL, elaborada polo INE, publícase con periodicidade trimestral e está deseñada para ofrecer estimacións directas (por exemplo, estimacións de Hájek (1971)) precisas a nivel de Comunidade Autónoma e por grandes sectores da actividade económica. Porén, o seu deseño non permite obter resultados representativos en ámbitos territoriais máis desagregados. Os tamaños mostrais $n_d$ nos cruces considerados oscilan entre 1 e 73, cunha media de 8 e unha mediana de 6. Neste traballo, centramos a atención na modelización conxunta do custo total bruto (CTB) e o número de traballadores (TR), así como do custo salarial (S) e as horas efectivas (HE). A metodoloxía empregada, así como as conclusións xerais sobre a aplicación do modelo BNER a outros cruces, son análogas.
Na Figura 1 preséntase a comparación entre as predicións EBP e as EBP conformes multiplicativas con restricións de positividade do custo laboral por traballador (á esquerda) e do custo salarial por hora efectiva (á dereita), fronte ás estimacións de Hájek (1971), amplamente utilizadas no INE. Obsérvase que as predicións baseadas no modelo BNER suavizan notablemente ás estimacións de Hájek, especialmente nos dominios con tamaños mostrais pequenos. As versións conformes desvíanse lixeiramente ao ter que respectar a suma en niveis agregados superiores.




Figura 1: Comparación entre EBP e EBP corrixido conforme multiplicativo do custo laboral por traballador (esquerda) e custo salarial por hora efectiva (dereita), fronte ás estimacións de Hájek.

Na Figura 2 compáranse as estimacións bootstrap da raíz cadrada do MSE (RMSE) do EBP e do EBP conforme multiplicativo con restricións de positividade, segundo os modelos correspondentes, así como a raíz cadrada da varianza directa do estimador de Hájek, para o custo laboral por traballador (á esquerda) e o custo salarial por hora efectiva (á dereita), ordeadas por tamaño mostral. O EBP presenta, en xeral, os menores valores de RMSE, aínda que a súa versión conforme incrementa lixeiramente o erro ao aproximarse máis ao estimador de Hájek. De feito, este último estimador mostra unha variabilidade elevada mesmo en dominios con valores altos de $n_d$ e, nos dominios con $n_d$ máis pequeno, subestima claramente a incerteza, polo que non resulta fiable.




Figura 2: Comparación do RMSE dos preditores segundo o modelo BNER, mediante bootstrap paramétrico, co correspondente á variabilidade das estimacións de Hájek baseada no deseño mostral.

## 4. CONCLUSIÓNS FINAIS

Este traballo aplica o modelo BNER para estimar indicadores complexos da ETCL, como o custo laboral por traballador e o custo salarial por hora efectiva, en áreas pequenas. En concreto, desagregados por Comunidade Autónoma, actividade económica (división CNAE a dous díxitos) e tamaño empresarial. Para garantir coherencia cos resultados agregados publicados polo INE, formulouse un problema de predición conforme multidimensional. A incerteza na predición estimouse mediante bootstrap paramétrico, dada a complexidade de obter expresións analíticas do MSE. Os resultados da aplicación a datos reais melloran a precisión en áreas pequenas do estimador de Hájek, ofrecen máis estabilidade e amosan o potencial desta ferramenta para o seu uso na Estatística Oficial. Toda a metodoloxía foi implementada en `R`, xa que non existen paquetes que permitan axustar este modelo nin aplicar a predición conforme con restricións de positividade como se fixo.

## AGRADECEMENTOS

Esta investigación enmárcase na convocatoria ETD/503/2021 do INE, dentro da liña de investigación 7, centrada na aplicación de técnicas de estimación en áreas pequenas para aproveitar a información auxiliar na desagregación dos resultados das enquisas. Ademais, contou coa colaboración do equipo da Universidade Miguel Hernández de Elche, clave para esta análise.

### Referencias

[1] Battese, G. E., Harter, R. M., Fuller, W. A. (1988). An error-components model for prediction of county crop areas using survey and satellite data. *J Amer Statist Assoc*, **83**(401), 28–36.

[2] Boonstra, H. J. (2022). `hbsae`: Hierarchical bayesian small area estimation. `R` package version 1.2.

[3] Esteban, M.D., Lombardía, M.J., López-Vizcaíno, E., Morales, D., Pérez, A. (2022a). Small area estimation of expenditure means and ratios under a unit-level bivariate linear mixed model. *J Appl Stat*, **49**(1), 143–168.

[4] Esteban, M.D., Lombardía, M.J., López-Vizcaíno, E., Morales, D., Pérez, A. (2022b). Empirical best prediction of small area bivariate parameters. *Scand J Stat*, **49**(4), 1699–1727.

[5] Fay, R. E., Herriot, R. A. (1979). Estimates of income for small places: An application of James–Stein procedures to census data. *J Amer Statist Assoc*, **74**(366a), 269–277.

[6] González-Manteiga, W., Lombardía, M. J., Molina, I., Morales, D., Santamaría, L. (2008). Bootstrap mean squared error of small-area EBLUP. *J Stat Comput Simul*, **78**(4), 443–462.

[7] Hájek, J. (1971). Comment on "An essay on the logical foundations of survey sampling" by Basu. In V. P. Godambe and D. A. Sprott (Eds.), *Foundations of Statistical Inference*, 236–242.

[8] Kreutzmann, A., Pannier, S., Rojas-Perilla, N., Schmid, T., Templ, M., Tzavidis, N. (2019). `R` package `emdi` for estimating and mapping regionally disaggregated indicators. *J Stat Softwe*, **91**(7), 1–33.

[9] Molina, I., Marhuenda, Y. (2015). `sae`: An `R` package for SAE. *The R Journal*, **7**(1), 81–98.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*

*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# HULA R! Potencialidades de R na investigación sanitaria

Adrián Casanova[1], Andrés Blanco[1], Inés Sambade[1], Rocío Valín[1] e Pilar Rodríguez-Ledo[1]

[1] Unidade de Investigación Clínica de Lugo (UNICL), Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), Lugo, España

## RESUMO

No 2025 arrancou a Unidade de Investigación Clínica de Lugo (UNICL), sita no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Este fito está contando coa incorporación de novo material e persoal co obxectivo de catalizar a xeración de coñecemento científico no eido da medicina translacional, buscando a mellora da atención dos pacientes así como da saúde da cidadanía. O traballo actual da Unidade está focalizado no rexistro e análises bioinformáticas de datos clínicos, a divulgación científica e a formación ao persoal asistencial en software libre e gratuíto (e.g., R e JASP). A curto prazo contará con tecnoloxía de secuenciación masiva para a xeración de datos xenómicos (ADN) e transcriptómicos (ARN) que precisarán das mellores ferramentas bioinformáticas. O amplo abano de paquetes de R (> 25.000) o converten nun entorno capaz de traballar desde a estatística descritiva ao aprendizaxe automático asemade dos datos ómicos necesarios para o desempeño desta Unidade. Finalmente, debido a que a meirande parte dos paquetes do entorno R cómpren cos principios FAIR para o software investigador (FAIR4RS; acrónimo do inglés *Findable, Accessible, Interoperable, and Re-usable for Research Software*), o seu emprego resulta coherente cunha aposta firme pola Ciencia Aberta, buscando ser esta Unidade un polo de coñecemento e colaboración.

**Palabras e frases chave:** Saúde, UNICL, secuenciación, principios FAIR4RS , bioinformática, aprendizaxe automática.

## 1. INTRODUCIÓN

A medicina actual enfróntase a un paradoxo: nunca se tiveron tantos datos biolóxicos como na actualidade (*Big Data* biolóxico) e, ao mesmo tempo, nunca foi tan complexo garantir que eses avances cheguen de forma efectiva ao tratamento do paciente. Este espazo é o terreo de xogo da medicina translacional. O seu principal obxectivo é construír sólidas pontes entre a ciencia fundamental e a aplicación clínica, acelerando o ciclo de descubrimento e mellorando de forma tanxible a saúde das persoas. Con este espírito naceu neste 2025 a Unidade de Investigación Clínica de Lugo (UNICL), un proxecto aloxado no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) coa vocación de ser un polo innovador de coñecemento e colaboracións entre asociacións de pacientes, organismos públicos e privados.

Actualmente, o gran catalizador e o maior desafío para a medicina translacional é a explosión no volume e na complexidade dos datos, tanto estruturados coma non estruturados. Xa non se trata soamente de historias clínicas ou resultados de análises de sangue dun laboratorio. Son datos como as imaxes de resonancias magnéticas en alta resolución ou os procedentes de dispositivos vestibles de monitorización continua (e.g., reloxo intelixente). Ademais, de forma inminente no caso desta Unidade, da xeración a gran escala de datos ómicos. A secuenciación de xenomas (ADN) ou as análises da expresión xénica (ARN) xerarán datos na orde de terabytes. Esta morea de información é unha oportunidade histórica para desenvolver unha medicina máis eficiente, precisa e personalizada, pero só de contar coas ferramentas bioinformáticas máis axeitadas para convertela en coñecemento útil.

Para navegar neste océano de datos non abonda con ter capacidade de computación, precísanse metodoloxías de traballo que garantan que os resultados sexan eficientes, reproducibles e colaborativos. A nosa aposta na UNICL é o software libre e gratuíto e, entre outras opcións, o entorno de programación estatística R. As razóns principais desta elección serían as seguintes: (1) a polivalencia bioinformática grazas ao amplo abano de paquetes aplicables en diferentes campos **{gam}** como os creados, alomenos inicialmente, para campos específicos **{OptimalCutpoints}**; (2) a existencia dunha masa crítica que garante a viabilidade deste proxecto a longo prazo e facilita a existencia de multitude de manuais, foros e titoriais; (3) a dispoñibilidade de R no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e finalmente pero non menos importante (4) a súa aliñación cos principios FAIR para o Software de Investigación (FAIR4RS [1]).

Estes principios recomendan que as ferramentas bioinformáticas sexan: (1) Atopables, grazas a repositorios públicos como **CRAN** (*Comprehensive R Archive Network*); (2) Accesibles, xa que a súa natureza de código aberto e a súa gratuidade elimina barreiras de licenzas privativas ou económicas; (3) Interoperables, pola súa capacidade para comunicarse con outras linguaxes coma Python (e.g., paquete de R **{reticulate}**), manexando ducias de formatos de datos de maneira máis estandarizada; e, fundamentalmente; (4) Reutilizables, porque a filosofía de R promove que unha investigación poida ser o punto de partida para outra.

Ao longo deste documento amosaranse algún usos de diferentes paquetes de R no eido da investigación sanitaria e a súa utilidade para a mellora da atención ao paciente.

## 2. UTILIDADES DE R

A versión de R empregada para a elaboración deste documento foi a 4.5.1 "Great Square Root" traballando nun Entorno de Desenvolvemento Integrado (EDI) proporcionado pola versión de RStudio 2025.09.0+387. Os datos mostrados foron xerados aleatoriamente con Intelixencia artificial (Google Gemini), se ben baseados en situacións realistas.

Un dos primeiros pasos a realizar cos datos, sexan procedentes de análises clínicas, ou o número de lecturas de ADN secuenciadas por mostra (i.e., control de calidade), serían aqueles enmarcados dentro da estatística descritiva mediante a obtención de medidas numéricas como a mediana. Pódese obter esta información a partir dos datos (Figura 1) coas funcionalidades básicas de R **{base}** empregando a función "summary". Con todo, hai paquetes como **{skimr}** e **{gtsummary}** que permiten a obtención de máis información, cun mellor formato (Figura 2) e de forma sinxela: "skim(datos_pacientes)".



Xornadas_R.Rmd × datos_pacientes ×

Filter

| | ID_Paciente | Idade | Sexo | Fumador | Actividade_Fisica | Colesterol_Total_mg_dl | Tension_Arterial_Sistolica | Patoloxia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | PAC_1001 | 78 | Home | No | Moderada | 183 | 155 | Diabetes |
| 2 | PAC_1002 | 66 | Home | Sí | Alta | 181 | 136 | Hipertensión |
| 3 | PAC_1003 | 30 | Home | No | Moderada | 234 | 129 | Infarto miocardio |
| 4 | PAC_1004 | 54 | Home | No | Baixa | 164 | 129 | Sen patoloxía aparente |
| 5 | PAC_1005 | 39 | Muller | No | Alta | 261 | 119 | Sen patoloxía aparente |
| 6 | PAC_1006 | 65 | Muller | Exfumador | Alta | 203 | 139 | Hipertensión |
| 7 | PAC_1007 | 47 | Home | No | Baixa | 197 | 121 | Sen patoloxía aparente |
| 8 | PAC_1008 | 78 | Home | No | Moderada | 215 | 164 | Hipertensión |
| 9 | PAC_1009 | 76 | Muller | No | Moderada | 201 | 124 | Sen patoloxía aparente |
| 10 | PAC_1010 | 53 | Muller | Exfumador | Moderada | 196 | 118 | Sen patoloxía aparente |
| 11 | PAC_1011 | 36 | Muller | No | Baixa | 244 | 132 | Sen patoloxía aparente |
| 12 | PAC_1012 | 65 | Home | Sí | Alta | 233 | 111 | Infarto miocardio |
| 13 | PAC_1013 | 54 | Muller | No | Moderada | 161 | 146 | Sen patoloxía aparente |
| 14 | PAC_1014 | 66 | Muller | No | Alta | 212 | 123 | Sen patoloxía aparente |
| 15 | PAC_1015 | 75 | Home | No | Baixa | 189 | 133 | Sen patoloxía aparente |
| 16 | PAC_1016 | 49 | Muller | No | Baixa | 184 | 131 | Sen patoloxía aparente |
| 17 | PAC_1017 | 55 | Muller | No | Alta | 168 | 130 | Sen patoloxía aparente |
| 18 | PAC_1018 | 79 | Muller | No | Moderada | 213 | 182 | Hipertensión |
| 19 | PAC_1019 | 76 | Muller | No | Moderada | 195 | 118 | Sen patoloxía aparente |
| 20 | PAC_1020 | 32 | Muller | No | Moderada | 215 | 147 | Sen patoloxía aparente |

Showing 1 to 21 of 100 entries, 8 total columns

Figura 1: Captura de pantalla do *dataframe* "datos_pacientes" para estatística descritiva.



Data summary

| | |
|---|---|
| Name | datos_pacientes |
| Number of rows | 100 |
| Number of columns | 8 |
| Column type frequency: | |
| character | 5 |
| numeric | 3 |
| Group variables | None |

**Variable type: character**

| skim_variable | n_missing | complete_rate | min | max | empty | n_unique | whitespace |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID_Paciente | 0 | 1 | 8 | 8 | 0 | 100 | 0 |
| Sexo | 0 | 1 | 4 | 6 | 0 | 2 | 0 |
| Fumador | 0 | 1 | 2 | 9 | 0 | 3 | 0 |
| Actividade_Fisica | 0 | 1 | 4 | 8 | 0 | 3 | 0 |
| Patoloxia | 0 | 1 | 8 | 22 | 0 | 4 | 0 |

**Variable type: numeric**

| skim_variable | n_missing | complete_rate | mean | sd | p0 | p25 | p50 | p75 | p100 | hist |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Idade | 0 | 1 | 56.32 | 14.97 | 30 | 46.5 | 57.0 | 68.25 | 79 | |
| Colesterol_Total_mg_dl | 0 | 1 | 209.20 | 28.72 | 134 | 190.5 | 207.0 | 232.25 | 274 | |
| Tension_Arterial_Sistolica | 0 | 1 | 137.23 | 16.42 | 105 | 126.0 | 134.5 | 147.00 | 182 | |

Figura 2: Captura de pantalla do resultado obtido co paquete **{skimr}**.

Exemplo de paquetes específicos do eido da saúde serían **{OptimalCutpoints}** e **{psych}**. **{OptimalCutpoints}**, serve, entre outras funcionalidades, para determinar o punto de corte óptimo en probas diagnósticas, clasificando os pacientes en sans e enfermos. Se realizamos unha proba piloto cun cuestionario de saúde, pode ser de interese calcular o coeficiente alfa de Cronbach, que mide cos resultados obtidos a consistencia interna das preguntas entre si. O seu rango de valores vai de 0 a 1, sendo un valor más elevado indicativo de que as preguntas están medindo a mesma cualidade de maneira consistente (e.g., ansiedade; Táboa 1). Coa función "alpha" do paquete {**psych}** obtense este índice calculado para o cuestionario global e para cada pregunta, a fiabilidade do test descartando cada unha das preguntas, etcétera.

| **Código Pregunta** | **Durante as dúas últimas semanas, con que frecuencia sentiu molestias por...** |
|---|---|
| PA_1 | Sentirse nervioso/a ou intranquilo/a? |
| PA_2 | Non poder controlar a súa preocupación? |
| PA_3 | Preocuparse demasiado por diferentes cousas? |
| PA_4 | Ter dificultades para relaxarse? |
| PA_5 | Sentir medo coma se algo terrible puidera pasar |

Táboa 1: Exemplo dalgunhas preguntas para testar a ansiedade. Baseado no test de *Mental Health America* (https://screening.mhanational.org/screening-tools/test-de-ansiedad/).

Dentro de R hai multitude de paquetes para aplicar a Aprendizaxe Automática (do inglés: *machine learning*), conseguindo que os ordenadores poidan "aprender" dos datos sen seren programados explicitamente. De forma xeral, poderíanse clasificar as aprendizaxes automáticas en tres tipos: (1) Supervisada, con datos de adestramento (~80%) e validación (~20%) **{caret, randomForest, tidymodels}**; (2) non supervisada, clusterizando as entradas dos datos en base a patróns compartidos sen hipóteses previas **{dbscan, fda.usc}** e (3) por reforzo, recompensando as respostas correctas **{ReinforcementLearning}**. Estas análises e ferramentas teñen utilidades claras no eido sanitario. A modo de exemplo, aproveitando o elevado volume de rexistros sanitarios poderíase, mediante aprendizaxe automática supervisada, estimar a probabilidade de reingreso hospitalario dun paciente nun determinado rango temporal ou a duración destes ingresos. Isto permitiría a previsión e a optimización dos recursos sanitarios.

É habitual que nos diferentes campos de investigación, haxa revisións científicas sobre os paquetes de R dispoñibles e as súas metodoloxías. No campo das ómicas existen varios exemplos coma se ve esquematicamente na Figura 1 do traballo de Chua et al. (2024) [2]. Existen paquetes como **{TCGAbiolinks}** e **{GEOquery}**, sitos no repositorio **Bioconductor**, para a descarga de datos de diferentes bases de datos públicas como *Genomic Data Commons* (GDC; https://portal.gdc.cancer.gov/) e *Gene Expression Omnibus* (GEO; http://www.ncbi.nlm.nih.gov/geo/), respectivamente. Existen paquetes paraugas como **{BGData}** capaces de realizar unha batería de análises xenómicos (e.g., Estudos de Asociación do Xenoma Completo; GWAS) coa mínima memoria RAM, para a anotación funcional das variantes atopadas no ADN **{VariantAnnotation}**, visualización do xenoma **{genoPlotR**, **RIdeogram}**, análises de expresión diferencial de miles de xenes con **{DESeq2}**, análise de enriquecemento funcional con **{gprofiler2}** e un longo etcétera.

## 3. CONCLUSIÓNS

Co entorno de R (case) todas as análises bioinformáticas son posibles, sen custe económico e sen as barreiras das licenzas privativas, cumprindo polo xeral cos principios FAIR4RS. Debido a isto, recomendamos o seu uso en calquera campo de investigación. Consideramos recomendable para aquelas persoas que cambien de campo de traballo a exploración previa das posibilidades de R para o deseño das súas novas rutas bioinformáticas.


## AGRADECEMENTOS

O financiamento para o desenvolvemento da UNICL provén da convocatoria do Instituto de Salud Carlos III baixo o PERTE para la Salud de Vanguardia do Ministerio de Ciencia e Innovación no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, regulada mediante la Orden CNU/709/2024, de 1 de julio (BOE nº 164, de 08/07/2024).


## Referencias


[1] Barker M., Chue Hong N.P., Katz D.S., Lamprecht A-L., Martínez-Ortiz C., Psomopoulos F., Harrow J., Castro L.J., Gruenpeter M., Martínez P.A., Honeyman T. (2022). Introducing the FAIR Principles for research software. *Scientific Data* 9, 622. https://doi.org/10.1038/s41597-022-01710-x

[2] Chua E.W., Ooi D.J., Muhammad N.A.N. (2024). A concise guide to essential R packages for analyses of DNA, RNA, and proteins. *Molecules and Cells* 47 (11), 100120. https://doi.org/10.1016/j.mocell.2024.100120


As referencias dos paquetes de R pódense consultar usando este QR

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*

*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# Mecanismos post-transcripcionales en cistinosis nefropática: integración transcriptómica y proteómica.

Diana Carolina Castro Fernández[1]

[1] Fundación Instituto de investigación Sanitaria de Santiago

**RESUMO**

La cistinosis, debido a su baja prevalencia, es una enfermedad poco conocida y subdiagnosticada, lo que subraya la importancia de incrementar la concienciación médica y de desarrollar herramientas basadas en biomarcadores para facilitar un diagnóstico temprano y preciso. En este contexto, se propone realizar un análisis integrativo en R de datos de transcriptómica y proteómica, que se encuentran en repositorios publicos, de fibroblastos de pacientes con cistinosis. Este enfoque permitirá identificar las coincidencias y discrepancias entre los niveles de expresión génica (medidos mediante RNA-seq) y la abundancia proteica (analizada mediante LC-MS/MS). Se busca detectar genes y proteínas con correlación directa (alta transcripción/alta expresión) o divergencias significativas (alta transcripción pero baja expresión proteica, y viceversa), lo que podría indicar la existencia de mecanismos de regulación post-transcripcional. Estos resultados contribuirán al entendimiento de los mecanismos moleculares subyacentes a la cistinosis, ofreciendo potenciales biomarcadores y posibles dianas terapéuticas.

**Palabras e frases chave:** Cistinosis, Transcriptomica, Proteomica, Biomarcadores

## 2. MATERIAL Y METODOS

2.1 Obtención de datos:

Proteómica: Se recopilaron un conjunto de datos proteómicos basados en espectrometría de masas provenientes del repositorio publico MassIVE identificados con el código MSV000095020, el conjunto de datos pertenece a fibroblastos primarios de piel no transformados de pacientes con cistinosis (n=12) y controles no afectados (n=7) provenientes del Instituto Coriell para la Investigación Médica (Camden, NJ, EE. UU.).

Transcriptómica: El conjunto de datos de transcriptómica proviene de un perfil de expresión por micromatriz que se descargó del repositorio GEO, identificado con el código GSE190500, el conjunto de datos pertenece a fibroblastos de pacientes con cistinosis (n=8) y controles no afectados (n=6) provenientes del Instituto Coriell para la Investigación Médica (Camden, NJ, EE. UU.).

2.2 Analisis de expresión diferencial:

El análisis se realizó en el entorno RStudio (versión 31.7.7) con R (versión 4.3.3). Para identificar genes y proteínas diferencialmente expresados, se realiza un análisis univariado

aplicando un modelo lineal con estimación moderada de la varianza, mediante el paquete *limma* de Bioconductor.

Se construyó un volcano plot para visualizar de forma conjunta la magnitud del cambio de expresión (*log2FoldChange*) y la significancia estadística (*p*-valor ajustado) de cada gen o proteína. La visualización se realizó en el entorno RStudio (versión 31.7.7) con R (versión 4.3.3), empleando las librerías dplyr, ggplot2, ggrepel, cowplot y readxl.

2.3 Análisis de Redes de Coexpresión Génica Ponderada (WGCNA) multi-bloque:
Para complementar la integración de datos, se aplicó el análisis WGCNA en formato multi-bloque, con el objetivo de identificar módulos de genes y proteínas que compartieran patrones de coexpresión consistentes entre los conjuntos de datos. Se comenzó calculando la matriz de correlación para cada bloque y se determinó el parámetro de umbral de suavizado (soft-thresholding) para construir la red de adyacencia ponderada. Los bloques se integraron mediante la función blockwiseModules del paquete WGCNA, ajustando los parámetros de agrupamiento para cada bloque según su tamaño y estructura. Los módulos identificados se visualizaron mediante mapa de calor (heatmap) para facilitar la identificación de grupos de genes o proteínas con perfiles similares. Los mapas de calor se generaron mediante las librerías pheatmap, utilizando RStudio (versión 31.7.7) con R (versión 4.3.3).

3. RESULTADOS

Análisis de expresión diferencial.

Para ambas representaciones graficas tenemos en el eje de las ordenas las diferencias de expresión de los genes mediante la estimación reducida de logaritmo de Fold Change (LFC), mientras que en el eje de las abscisas se encuentra el -log10 del p-valor. En la proteómica, obtenemos 92 PDE, de las cuales 39 proteínas se encuentran sobreexpresadas y 53 infraexpresadas (Figura 1).




*Figura 1. Volcano plot de genes diferencialmente expresados en la matriz proteómica. El gráfico muestra la distribución de las proteínas en función del cambio de su abundancia (eje Y: $log_2$ Fold Change) y el nivel de significancia estadística (eje X: $-log_{10}$ p-valor). Los puntos en azul representan proteínas significativamente sobreexpresadas, los puntos en rojo corresponden a proteinas infraexpresados en muestras de cistinosis respecto a controles. Las proteínas destacadas con etiquetas corresponden a las que tienen las variaciones más relevantes tanto en magnitud como en significancia*

En la transcriptómica, donde había mayor número de observaciones totales, tenemos 1460 PDE, de las cuales 844 se encuentran sobreexpresadas y 616 infraexpresadas (Figura 2).




*Figura 2. Volcano plot de genes diferencialmente expresados en la matriz transcriptómica. El gráfico muestra la distribución de los genes en función del cambio de expresión (eje Y: $log_2$ Fold Change) y el nivel de significancia estadística (eje X: $-log_{10}$ p-valor). Los puntos en azul representan genes significativamente sobreexpresados, los puntos en rojo corresponden a genes infraexpresados en muestras de cistinosis respecto a controles. Los genes destacados con etiquetas corresponden a los que presentaron las variaciones más relevantes tanto en magnitud como en significancia*

Análisis de Redes de coexpresión Génica Ponderada (WGCNA) multi-bloque

Este análisis permitió identificar módulos de genes (T_Mn) y de proteínas (P_Mn) con patrones de coexpresión, mediante un agrupamiento jerárquico aplicado a la matriz de similitud topológica. Posteriormente, al evaluar la correlación entre los eigengenes de los módulos transcriptómicos y proteómicos, se observó en el gráfico (Figura 3) la presencia de módulos con correlaciones altamente positivas (valores cercanos a 1, representados en rojo intenso), lo que sugiere una relación directa entre la expresión génica y la abundancia proteica. De manera complementaria, también se detectaron módulos con correlaciones negativas (valores cercanos a –1, en azul intenso), lo que apunta a posibles procesos de regulación postranscripcional o a variaciones en la estabilidad de las proteínas.




*Figura 3. Correlación entre módulos transcriptómicos y proteómicos identificados mediante WGCNA multi-bloque. Heatmap con las correlaciones de Pearson entre los eigengenes de los módulos transcriptómicos (T_Mn) y proteómicos (P_Mn). Los valores positivos (en rojo) representan asociaciones directas entre expresión génica y abundancia proteica, mientras que los valores negativos (en azul) reflejan posibles procesos de regulación postranscripcional o diferencias en la estabilidad de las proteínas. La intensidad del color indica la magnitud de la correlación, con valores cercanos a ±1 considerados como correlaciones fuertes.*

## Referencias


Ritchie, M. E., Phipson, B., Wu, D., Hu, Y., Law, C. W., Shi, W., & Smyth, G. K. (2015). limma powers differential expression analyses for RNA-sequencing and microarray studies. *Nucleic Acids Research, 43*(7), e47. https://doi.org/10.1093/nar/gkv007

Wickham, H., François, R., Henry, L., Müller, K., & Vaughan, D. (2023). *dplyr: A grammar of data manipulation* (R package version 1.1.4) [Computer software]. https://CRAN.R-project.org/package=dplyr

Wickham, H. (2016). *ggplot2: Elegant graphics for data analysis*. Springer-Verlag. https://ggplot2.tidyverse.org

Slowikowski, K., Schep, A., Hughes, S., & Lukauskas, S. (2024). *ggrepel: Automatically position non-overlapping text labels with 'ggplot2'* (R package version 0.9.5) [Computer software]. https://CRAN.R-project.org/package=ggrepel

Wilke, C. O. (2020). *cowplot: Streamlined plot theme and plot annotations for 'ggplot2'* (R package version 1.1.1) [Computer software]. https://CRAN.R-project.org/package=cowplot

Wickham, H., & Bryan, J. (2023). *readxl: Read excel files* (R package version 1.4.3) [Computer software]. https://CRAN.R-project.org/package=readxl

Langfelder, P., & Horvath, S. (2008). WGCNA: An R package for weighted correlation network analysis. *BMC Bioinformatics, 9*, 559. https://doi.org/10.1186/1471-2105-9-559

Kolde, R. (2019). *pheatmap: Pretty heatmaps* (R package version 1.0.12) [Computer software]. https://CRAN.R-project.org/package=pheatmap

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*

*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# Máis ca un mapa: unha solución semi-automatizada para xerar cartografía de hábitats en espazos naturais protexidos

Federico Cheda[1], Yago Alonso[1], Boris Hinojo[1] e Marco Rubinos[1]

[1] 3edata Ingeniería Ambiental S.L.

## RESUMO

A obtención de cartografía para a monitorización e xestión de hábitats en zonas de alto valor ecolóxico, como as integradas na Rede Natura 2000, esixe a manipulación e análise de conxuntos de datos xeoespaciais masivos cunha temporalidade recorrente. Os métodos cartográficos convencionais demostran ser ineficientes fronte a este volume de datos e a necesidade de respostas áxiles. Este traballo introduce unha aproximación semi-automatizada fundamentada no que denominamos 'Modelo de Cartografía de Hábitat', unha implementación integramente desenvolvida en linguaxe R. Este modelo baséase en técnicas de aprendizaxe automático para a segmentación e clasificación de hábitats en tipos do sistema EUNIS e de Interese Comunitario (Directiva de Hábitats) a partir de imaxes de satélite.

A elección da linguaxe R maniféstase na súa capacidade de integración con librarías de intelixencia artificial, xunto coa súa optimizada eficiencia no procesamento distribuído de datos xeoespaciais (*raster* e vectoriais). Esta simbiose permite a execución de fluxos de traballo complexos de forma robusta e a gran escala, superando as limitacións computacionais habituais.

En termos operativos, o modelo permite a identificación e o seguimento de hábitats de interese comunitario de forma coherente e optimizada, abaratando o proceso de xeración de cartografía, e principalmente da súa actualización. O integración do coñecemento local e capas temática previas é crítica para a usabilidade da cartografía por parte dos xestores de espazos naturais e na súa toma de decisións. A solución proposta representa un marco analítico, escalable e replicable para a monitorización e conservación de espazos naturais.

**Palabras e frases chave:** Cartografía de Hábitats, EUNIS, Hábitats de interese comunitario, rede Natura 2000, aprendizaxe automático, R.

## 1. INTRODUCIÓN

A cartografía e monitorización de hábitats en espazos de alto valor ecolóxico, como os integrados na Rede Natura 2000, son fundamentais para cumprir os obxectivos de conservación establecidos pola Directiva de Hábitats da Unión Europea (92/43/CEE) [1]. Non obstante, os métodos cartográficos tradicionais resultan insuficientes para xestionar os grandes volumes de datos necesarios para un seguimento continuo e a grande escala, debido aos seus elevados custos e tempos de produción; ou ben non integran información previa e coñecemento local relativo aos hábitats para xerar unha cartografía útil en termos de xestión dun espazo natural.

Para dar resposta a este desafío, no marco do proxecto de investigación e innovación *Nature FIRST* (Horizonte Europa, acordo 101060954), desenvolveuse o *'Modelo de Cartografía de Hábitats'*. O obxectivo xeral de *Nature FIRST* é reverter a perda de biodiversidade mediante o desenvolvemento de ferramentas que permitan pasar de accións reactivas a estratexias proactivas e preventivas, baseadas en datos. Neste contexto, o modelo preséntase como unha solución semi-automatizada, desenvolvida integramente na linguaxe de programación R, que emprega técnicas de aprendizaxe automático, datos de teledetección e coñecemento local para a clasificación de hábitats.

A ferramenta está deseñada para xerar cartografía de hábitats segundo as clasificacións EUNIS [2], e a súa correspondencia cos Hábitats de Interese Comunitario (HIC), utilizando imaxes de satélite de alta resolución como as do programa Copernicus Sentinel-2 (clasificación baseada en píxeles), así como coas de moi alta resolución (clasificación baseada en obxectos). Deste xeito, búscase reducir custos, mellorar a identificación dos hábitats, acelerar os procesos de actualización e facilitar unha xestión máis eficaz dos espazos naturais protexidos.

## 2. METODOLOXÍA

O *Modelo de Cartografía de Hábitats* estrutúrase como unha arquitectura modular e escalable programada en R, aproveitando a súa capacidade para o procesamento de datos xeoespaciais e a súa integración con librarías de aprendizaxe automática como randomForest. O fluxo de traballo organízase en base a unha cuadrícula de referencia europea (ETRS89-LAEA) de 10x10 km, o que permite adaptar a análise ás particularidades bioxeográficas de cada zona e optimizar o rendemento computacional mediante o procesamento en paralelo.

A metodoloxía divídese en cinco bloques principais de procesos:

**Bloque 1**: Definición do proxecto. Nesta fase inicial, o usuario define a Área de Interese (AoI), selecciona as imaxes multiespectrais que se van empregfar e achega os datos de entrada (p.ex. imaxes Sentinel-2). Estes inclúen capas obrigatorias como a delimitación da área, a grella de referencia e, fundamentalmente, unha rede de áreas de adestramento. Tamén se integran capas temáticas opcionais pero recomendadas (mapas de ríos, estradas, litoloxía, modelos de elevacións, etc.) que enriquecen o modelo e coas que se garda a coherencia espacial e temática.

**Bloque 2**: A xestión de áreas de adestramento, que inclúe a súa creación, actualización e mantemento, que serven para o adestramento do algoritmo *Random Forest* [3]. Para cada cela de 10x10 km, o modelo extrae as estatísticas de reflectancia das imaxes e os índices de vexetación (como o NDVI) correspondentes ás áreas de adestramento. Así mesmo, posibilítase a creación de múltiples clasificadores por cela se se usan máscaras temáticas, como unha que separe a superficie forestal da non forestal.

**Bloque 3**: Clasificación inicial. Unha vez adestrado, o modelo preditor aplícase a todos os píxeles da área de interese, xerando un mapa de clasificación inicial coas clases de hábitats EUNIS adestradas. O sistema conserva o máximo nivel de concreción do sistema xerárquico EUNIS.

**Bloque 4**: Refinamento e Xeneralización. Este é un paso clave para mellorar a calidade da clasificación inicial. Aplícanse unha serie de regras cartográficas, bioxeográficas e semánticas para corrixir erros, engadir clases non identificables espectralmente e asegurar a coherencia con outras fontes de datos oficiais. Neste proceso intégrase coñecemento local relativo aos hábitats a clasificar, que doutra

maneira non se poderían integrar no resultado final. Este proceso organízase en tres estratexias:

◦ Asignación directa de clases a partires de cartografía oficial preexistente (ex. estradas, edificios, ríos).
◦ Regras baseadas na análise contextual de capas temáticas (ex. identificar un bosque de ribeira analizando a vexetación próxima a un curso fluvial).
◦ Regras de decisión baseadas en atributos dimensionais ou de veciñanza sobre as clases xa clasificadas.

Posteriormente, un proceso de xeneralización agrupa polígonos pequenos para simplificar visualmente o mapa, mantendo a trazabilidade da información orixinal.

**Bloque 5**: Estandarización e exportación. O mapa de clases EUNIS final convértese á clasificación de Hábitats de Interese Comunitario (HIC) mediante táboas de correspondencia definidas previamente. O resultado expórtase con metadatos conformes á Directiva INSPIRE, garantindo a súa interoperabilidade.

## 3. RESULTADOS

O *Modelo de Cartografía de Hábitats* foi desenvolvido e probado en diversos espazos naturais protexidos europeos no marco do proxecto *Nature FIRST*. Os sitios de proba inclúen ecosistemas variados que cobren seis rexións bioxeográficas distintas: área de Maramures (Romanía e Ucraína), a montaña de Stara Planina (Bulgaria), o Delta do Danubio (Romanía) e a serra de Ancares-Courel en Galicia (España).



Figura 1: Localización áreas de aplicación de cartografía de hábitats Nature FIRST

O primeiro lugar onde se aplicou e validou o modelo de forma exhaustiva foi a de Ancares-Courel, que abrangue unha superficie de 2.300 km$^2$. Para este espazo, empregouse unha serie temporal de seis imaxes Sentinel-2 e unha rede de áreas de adestramento definida mediante fotointerpretación e traballo de campo.

A precisión do modelo foi avaliada mediante dous métodos independentes: unha validación interna automatizada e unha validación externa manual sobre polígonos aleatorios. Os resultados foron altamente satisfactorios, obtendo un índice Kappa superior a 0,90 na validación interna e superior a 0,80 na validación externa.

Como produto final para Ancares-Courel, o modelo logrou identificar e delimitar cartograficamente 19 hábitats de interese comunitario, dos cales 3 son prioritarios, sobre un total de 37 HIC teoricamente presentes na zona segundo a documentación oficial. Esta diferenza explícase polas limitacións da resolución espacial das imaxes Sentinel-2 para detectar hábitats de superficie moi reducida ou que non son directamente cartografables. O resultado final é un conxunto de produtos cartográficos dixitais que detallan a distribución dos hábitats a diferentes niveis de clasificación (EUNIS e HIC).

## 4. CONCLUSIÓNS

O **Modelo de Cartografía de Hábitats** demostra ser unha alternativa viable, precisa e eficiente para a xeración de cartografía de hábitats en espazos protexidos, superando moitas das limitacións dos métodos convencionais, e posibilitando a compatibilidade con modelos de datos estándar como o do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Entre as súas principais vantaxes destacan:

- **Precisión e flexibilidade**: O modelo alcanza niveis de precisión elevados e permite a integración flexible de múltiples fontes de datos xeoespaciais, **harmonizando** os resultados coa cartografía oficial existente.
- **Eficiencia e baixo custo**: A automatización do proceso reduce drasticamente os custos de produción e actualización. A súa replicabilidade facilita a xeración de series temporais para o seguimento da dinámica dos hábitats.
- **Accesibilidade e software libre**: A solución foi desenvolvida sobre tecnoloxías de código aberto (R, GDAL, GRASS GIS) e utiliza fontes de datos de acceso libre (Copernicus), o que garante a súa accesibilidade e reduce os custos de implantación. Ademais, o seu funcionamento non require coñecementos avanzados por parte do usuario final.
- **Adaptabilidade e mellora continua**: A arquitectura modular por celas adáptase ás particularidades de cada territorio, e o sistema de regras permite unha mellora continua do modelo a medida que se incorpora novo coñecemento ou cartografía de referencia.

A principal limitación identificada reside na resolución espacial das imaxes Sentinel-2 (10-60 metros), que dificulta a cartografía de hábitats moi pequenos, fragmentados ou que se atopan en mosaicos complexos con outras coberturas.

En conclusión, o modelo proposto constitúe unha ferramenta potente, escalable e de baixo custo que proporciona aos xestores e investigadores información actualizada e fiable para a monitorización e conservación da biodiversidade, apoiando a toma de decisións informadas e o cumprimento das directivas ambientais europeas.

## AGRADECEMENTOS

Este traballo forma parte do proxecto Horizonte Europa Nature FIRST (acordo 101060954) financiado pola Comisión Europea.

**Referencias**

[1] EEA. (2014). *Terrestrial habitat mapping in Europe: an overview*. EEA Technical report n.1/2014.

[2]. EEA (ETC/BD) (2013). EUNIS Habitat Classification 2012 - a revision of the habitat classification descriptions (https://www.eea.europa.eu/en/datahub).

[3] Belgiu M., Drăguț L. (2016). Random Forest in Remote Sensing: A Review of Applications and Future Directions. Isprs Journal of Photogrammetry and Remote Sensing 114, 24–31.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# Exemplo de análise de datos na Xunta de Galicia: análise de uso de licencias de software ofimático

Marcos Fernández Arias[1]

[1] Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, Xunta de Galicia

**RESUMO**

Explicación práctica do análise mediante R dos datos relativos ao uso de licencias de Microsoft Office na Xunta de Galicia.

Partimos de varias fontes de datos (inventario de software dos equipos, correspondencias entre equipos e usuarios, información de características dos equipos segundo o Directorio Activo) e xeramos informes de análise de situación actual do uso de licencias de Microsoft Office que permiten verificar que non se superan o número de licencias permitidas e optimizar a súa distribución.

**Palabras e frases chave:** business reports, merge data, CMDB, ITSM

## 1. INTRODUCIÓN

Partimos de varias fontes de datos:

- inventario de software dos equipos
- correspondencias entre equipos e usuarios
- información de características dos equipos segundo o Directorio Activo

Xeramos varios informes de análise de situación actual do uso de licencias de Microsoft Office.
Permiten verificar que non se superan o número de licencias permitidas.
E serven para optimizar a distribución interna (asignación) das licencias dentro das distintas unidades da organización: segundo consellerías, direccións xerais...

De esta maneira optimízase o uso dunhas aproximadamente 5.000 licencias sobre un conxunto potencial de 20.000 equipos (entre equipos de sobremesa e portátiles; con sistema operativo Windows).

## 2. Procesamento dos datos de inventario de software dos equipos




| equipo | office | Versión | ip | OU |
|---|---|---|---|---|
| AG1CO102_52 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.52 | CN=AG1CO102_52,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - L |
| AG1CO102_52 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.52 | CN=AG1CO102_52,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - L |
| AG1CO103_52 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10395.20020 | 10.52.103.52 | CN=AG1CO103_52,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - L |
| AG1CO103_52 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10395.20020 | 10.52.103.52 | CN=AG1CO103_52,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - L |
| AG1CO24_50 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.24.50 | CN=AG1CO24_50,OU=LABORATORIO DE SANIDADE ANIMAL DE MABEGONDO,OU=LA |
| AG1CO24_50 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.24.50 | CN=AG1CO24_50,OU=LABORATORIO DE SANIDADE ANIMAL DE MABEGONDO,OU=LA |
| AG1CO24_51 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.24.51 | CN=AG1CO24_51,OU=LABORATORIO DE SANIDADE ANIMAL DE MABEGONDO,OU=LA |
| AG1CO24_51 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.24.51 | CN=AG1CO24_51,OU=LABORATORIO DE SANIDADE ANIMAL DE MABEGONDO,OU=LA |
| AG1SE14_80 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.61.194.73 | CN=AG1SE14_80,OU=SERVIZO DE BIBLIOTECAS,OU=S.X. DE BIBLIOTECAS E DO LI |
| AG1SE14_80 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.61.194.73 | CN=AG1SE14_80,OU=SERVIZO DE BIBLIOTECAS,OU=S.X. DE BIBLIOTECAS E DO LI |
| AgaderRexistro1 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.61.171.107 | CN=AGADERREXISTRO1,OU=SECRETARIA XERAL,OU=AXENCIA GALEGA DE DESENV |
| AGCO102_51 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.50 | CN=AGCO102_51,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO102_51 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.50 | CN=AGCO102_51,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO102_58 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.58 | CN=AGCO102_58,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO102_58 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.58 | CN=AGCO102_58,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO102_86 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.86 | CN=AGCO102_86,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO102_86 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.102.86 | CN=AGCO102_86,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_58 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.58 | CN=AGCO103_58,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_58 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.58 | CN=AGCO103_58,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_59 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.59 | CN=AGCO103_59,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_59 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.59 | CN=AGCO103_59,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_73 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.73 | CN=AGCO103_73,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_73 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.73 | CN=AGCO103_73,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_90 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.90 | CN=AGCO103_90,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103_90 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.90 | CN=AGCO103_90,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103-91 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - es-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.91 | CN=AGCO103-91,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCO103-91 | Microsoft Office Profesional Plus 2019 - gl-es | 16.0.10343.20013 | 10.52.103.91 | CN=AGCO103-91,OU=LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLOXICO DE GALICIA - LA |
| AGCS118_51 | Microsoft Office Professional Plus 2016 x64 | 16.0.4266.1001 | 10.62.118.51 | CN=AGCS118_51,OU=EQUIPOS,OU=SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. - SEAGA,O |
| AGCS118_53 | Microsoft Office Professional Plus 2016 x64 | 16.0.4266.1001 | 10.62.118.53 | CN=AGCS118_53,OU=EQUIPOS,OU=SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. - SEAGA,O |
| AGCS118_54 | Microsoft Office Professional Plus 2016 x64 | 16.0.4266.1001 | 10.62.118.54 | CN=AGCS118_54,OU=EQUIPOS,OU=SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. - SEAGA,O |
| | 2016 x64 | 16.0.4266.1001 | | SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. - SEAGA,O |

```r
logger::log_info("leyendo fichero {fname_instalaciones_office}...")
instalado_0 <- read.table(
  fname_instalaciones_office,
  sep = ",",
  header = TRUE,
  fileEncoding = "UTF-8-BOM"
) %>%
  as_tibble() %>%
  rename_with(~ if_else(. %in% c("Versión", "Version"), "version", .)) %>%
  verify(nrow(.) %in% 6000:8000) %>%
  filter(
    !str_detect(
      office,
      "zuzenketa|Add-in|ScreenTip|Activation|Language Pack|Converter|SharePoi
    )
  ) %>%
  mutate(office = str_remove(office, "Microsoft Office "))
instalado_0

equiv_office_versions <- tribble( ~nversion, ~txt_version,
                                  9,   "Office 2000",
                                  10,   "Office XP",
                                  11,   "Office 2003",
                                  12,   "Office 2007",
                                  14,   "Office 2010",
                                  15,   "Office 2013",
                                  16,   "Office 2016/2019/2021"
)
instalado <- instalado_0 %>%
  select(-OU) %>%
  mutate(
    nversion = str_replace(version, "^(\\d{1,3}).*$", "\\1") %>%
      as.numeric(),
    tiene_office = !is.na(version)
  ) %>%
  #mutate(OU8 = OU8_corregido) %>%
  left_join(
    equiv_office_versions,
    by(nversion)
```

## 3. Correspondencias entre equipos e usuarios

| Nombre | Dirección IP | Usuario | Name1 | OUAD |
|---|---|---|---|---|
| EQUIP043254 | 10.50.14 | cpazpan | Pazo Paniagua, | CN=EQUIP043254,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043255 | 10.50.20 | mbprogon | Prol Gonzalez, | CN=EQUIP043255,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043256 | 10.50.14 | myebbiu | Yebra Biurrun, | CN=EQUIP043256,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043257 | 10.50.14 | icrugar | Cruz García, Is | CN=EQUIP043257,OU=XERENCIA,OU=AXENCIA |
| EQUIP043258 | 10.50.70 | jbardia | Barreiro Díaz, | CN=EQUIP043258,OU=D.X. DE SIMPLIFICACI |
| EQUIP043259 | 10.50.14 | cmcalrus | Calviño Ruso, C | CN=EQUIP043259,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043260 | 10.50.20 | jabatiz | Abad Tizón, Jos | CN=EQUIP043260,OU=SERVIZO DE APOIO A F |
| EQUIP043261 | 10.50.41 | mdfervaz | Ferreiro Vázque | CN=EQUIP043261,OU=SERVIZO DE VALORACIO |
| EQUIP043262 | 10.50.41 | miglarm2 | Iglesias Armada | CN=EQUIP043262,OU=SERVIZO DE OBRAS,OU= |
| EQUIP043263 | 10.50.14 | mpsangon | Sanjurjo Gonzál | CN=EQUIP043263,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043264 | 10.50.14 | alamces | Lameiro Ces, An | CN=EQUIP043264,OU=S.X. DE COORDINACION |
| EQUIP043265 | 10.50.20 | igonigl | González Iglesi | CN=EQUIP043265,OU=SERVIZO DE APOIO A F |
| EQUIP043266 | 10.50.14 | epertor | Peréz Torre, Ev | CN=EQUIP043266,OU=SERVIZO DE APOIO A F |
| EQUIP043267 | 10.50.14 | mmougon | Moure González, | CN=EQUIP043267,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043269 | 10.50.20 | jcamvil | Cameselle Villa | CN=EQUIP043269,OU=SERVIZO DE CONCILIAC |
| EQUIP043270 | 10.50.20 | avazsan1 | Vazquez Sanmart | CN=EQUIP043270,OU=S.X. DE DEMOGRAFIA E |
| EQUIP043271 | 10.50.14 | frodviv | Rodríguez Vivia | CN=EQUIP043271,OU=SERVIZO DE PLANIFICA |
| EQUIP043272 | 10.50.13 | mrojote | Rojo Otero, Mar | CN=EQUIP043272,OU=GABINETE,OU=CONSELLE |
| EQUIP043273 | 10.50.13 | mdocper2 | Docampo Pérez, | CN=EQUIP043273,OU=GABINETE,OU=CONSELLE |
| EQUIP043276 | 10.50.16 | erioban | Del Río Baña, E | CN=EQUIP043276,OU=GABINETE,OU=CONSELLE |
| EQUIP043277 | 10.50.13 | amanper | Manzano Pérez, | CN=EQUIP043277,OU=CONSELLEIRO,OU=CONSE |
| EQUIP043278 | 10.50.13 | fmarrod | Márquez Rodrígu | CN=EQUIP043278,OU=CONSELLEIRO,OU=CONSE |
| EQUIP043279 | 10.50.13 | mgomrod1 | Gómez Rodriguez | CN=EQUIP043279,OU=CONSELLEIRO,OU=CONSE |
| EQUIP043280 | 13 | amirram | Miranda Ra | 043280,OU=GABINETE,OU=CONSELLE |
| | | cpitmar | Bi | =SERVIZO DE XESTI |

## 3. Información de características dos equipos segundo o Directorio Activo

| Name | IPv4Address | DistinguishedName | D | OperatingSystem | OperatingSystemVersion | La |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EQUIP121468 | 10.54.142. | CN=EQUIP121468,OU=Museo Arqueoloxic | u | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 05 |
| EQUIP043084 | 10.51.16 | CN=EQUIP043084,OU=Departamento de F | x | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 21 |
| EQUIP020604 | 10.51.26 | CN=EQUIP020604,OU=Departamento de M | i | Windows 11 Pro | 10.0 (22621) | 02 |
| EQUIP161619 | 10.56.11 | CN=EQUIP161619,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 19 |
| EQUIP161618 | 10.56.11 | CN=EQUIP161618,OU=Equipos Xustiza,O | | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 18 |
| EQUIP161617 | 10.64.225 | CN=EQUIP161617,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 21 |
| EQUIP161621 | 10.62.81 | CN=EQUIP161621,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 19 |
| EQUIP161620 | 10.62.84 | CN=EQUIP161620,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 15 |
| EQUIP161622 | 10.53.23 | CN=EQUIP161622,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 15 |
| EQUIP161623 | 10.52.14 | CN=EQUIP161623,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 19 |
| EQUIP079206 | 10.57.11 | CN=EQUIP079206,OU=Escola Oficial Na | a | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 21 |
| EQUIP050110 | 10.50.36 | CN=EQUIP050110,OU=Servizo de Obra d | j | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 20 |
| EQUIP121462 | 10.53.14 | CN=EQUIP121462,OU=Museo do Castro d | r | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 20 |
| EQUIP121442 | 10.53.14 | CN=EQUIP121442,OU=Museo do Castro d | a | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 18 |
| EQUIP121444 | 10.53.14 | CN=EQUIP121444,OU=Museo do Castro d | m | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 21 |
| EQUIP121445 | 10.53.14 | CN=EQUIP121445,OU=Museo do Castro d | d | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 17 |
| EQUIP121453 | | CN=EQUIP121453,OU=Arquivo do Reino | n | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 22 |
| EQUIP121454 | | CN=EQUIP121454,OU=Arquivo do Reino | s | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 21 |
| EQUIP121456 | 10.62.30 | CN=EQUIP121456,OU=Biblioteca Public | m | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 20 |
| EQUIP121458 | 10.62.30 | CN=EQUIP121458,OU=Biblioteca Public | m | Windows 11 Pro | 10.0 (22631) | 19 |
| EQUIP080432 | 10.53.16 | CN=EQUIP080432,OU=Servizo de Gardac | r | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 21 |
| EQUIP135357 | 192.168.( | CN=EQUIP135357,OU=Servizos Centrais | t | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 06 |
| EQUIP137856 | 10.64.10 | CN=EQUIP137856,OU=Ourense,OU=Equipo | E | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 21 |
| EQUIP135128 | | CN=EQUIP135128,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 01 |
| EQUIP137232 | | CN=EQUIP137232,OU=Equipos Xustiza,O | u | Windows 10 Pro | 10.0 (19045) | 29 |
| EQUIP031053 | 10.61.34 | CN=EQUIP031053,OU=D.X. de Xuventude | l | Windows 11 Pro | 10.0 (26100) | 21 |
| EQUIP | | CN=EQUIP010639,OU=Departamento de | | | 10.0 (19045) | 12 |
| | | EQUIP031051,OU=D.X. de | | | 10.0 (26100) | |

## 4. Cruce de datos entre distintos orígenes

```r
# cruce entre equipos según AD, instalaciones Office y Symantec Agent ====
cruce <- equipos_AD %>%
  #select(equipo, usuario, usuario_generico) %>%
  full_join(
    instalado %>%
      select(equipo, ip, tiene_office, office, txt_version) %>%
      group_by(equipo) %>%
      summarise(
        office = str_c(unique(office), collapse = ", "),
        tiene_office = any(tiene_office),
        txt_version = str_c(unique(txt_version), collapse = ", "),
        ip = str_c(unique(ip), collapse = ", ")
      ) %>%
      ungroup(),
    by = "equipo"
  ) %>%
  replace_na(list(tiene_office = FALSE)) %>%
  left_join(
    SA_equipos %>%
      group_by(equipo) %>%
      filter(row_number() == 1) %>%
      ungroup() %>%
      select(equipo, usuario_SA = usuario, usuario_generico_SA),
    by = "equipo"
  ) %>%
  mutate(tiene_symantec_agent = !is.na(usuario_generico_SA)) %>%
  verify(!duplicated(equipo))

cruce %>%
  count(tiene_office, usuario_generico)
```

```r
# recuento equipos según tengan Symantec Agent ====
cruce %>%
  replace_na(list(OU7 = "-")) %>%
  count(OU7, tiene_symantec_agent) %>%
  mutate(tiene_symantec_agent = if_else(tiene_symantec_agent, "con_SA", "sin_SA")) %>%
  pivot_wider(names_from = "tiene_symantec_agent", values_from = "n") %>%
  janitor::adorn_totals("row") %>%
  mutate(pct_sin_SA = formattable::percent(sin_SA / (sin_SA + con_SA), digits = 0)) %>%
  arrange(OU7 == "Total", desc(pct_sin_SA))

situacion_resumen <- cruce %>%
  count(OU7, OU6, tiene_office, usuario_generico, tiene_symantec_agent) %>%
  filter(!usuario_generico & tiene_symantec_agent) %>%
  verify(!usuario_generico) %>%
  group_by(OU7, OU6) %>%
  summarise(
    con_office = sum(if_else(tiene_office & !usuario_generico, n, 0L)),
    equipos = sum(n),
    .groups = "drop"
  ) %>%
  verify(!is.na(OU7))
situacion_resumen %>%
  janitor::adorn_totals("row") %>%
  print(n = Inf)
```

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# APRENDENDO ESTATÍSTICA CON LEARNINGSTATS

Elena Fernández-Sedes, María Isabel Borrajo[1,2] e Mercedes Conde-Amboage[1,2]

[1] Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), 15705 Santiago de Compostela, España.
[2] Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización. Universidade de Santiago de Compostela, España.

## RESUMO

Nos últimos anos incrementouse notablemente o interese polo coñecemento e a análise de datos en ámbitos moi diversos como a Economía, as Ciencias da saúde ou o Deporte. Este feito converteu o coñecemento e o manexo da Estatística nunha competencia imprescindible para as/os profesionais destes ámbitos. Co obxectivo de facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe da Estatística desenvolveuse en R o paquete `LearningStats`, que se presenta como unha ferramenta didáctica versátil e rigorosa, que busca fomentar a comprensión e interpretación dos procedementos estatísticos sen importar o ámbito de desenvolvemento dos mesmos. A súa finalidade didáctica fai que se priorize a intuitividade e a sinxeleza de uso, ofrecendo tamén representacións gráficas e mensaxes de erro ou aviso facilmente comprensibles.

O paquete `LearningStats` inclúe as funcións necesarias para traballar nas diferentes áreas da Estatística: Estatística Descritiva, Modelos de Probabilidade, Inferencia Estatística e Regresión. Ademais, incorpora conxuntos de datos que permiten ilustrar o uso na práctica dos distintos procedementos e ferramentas.

**Palabras e frases chave**: Estatística, paquete de R, programación.

## 1. INTRODUCIÓN

Este traballo centrarase na presentación e exemplificación de tres funcións do paquete `LearningStats`: dúas destinadas a contrastar a bondade de axuste de modelos de distribución, e outra función que ofrece representacións gráficas para comparar visualmente modelos de distribución teóricos xunto coa distribución estimada a partir dunha certa mostra, así como as funcións de densidade ou masa de probabilidade.

## 2. CONTRASTES DE BONDADE DE AXUSTE

Os contrastes de bondade de axuste sobre modelos de distribución son procedementos que permiten avaliar se os datos dunha certa mostra se axustan a certa distribución de probabilidade. Os métodos de contraste a considerar neste proxecto son o test de Kolmogorov-Smirnov, o test de Lilliefors e o test chi-cadrado, todos vistos na materia de *Inferencia Estatística* que se imparte no terceiro curso do Grao en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Estes métodos implementáronse en dúas funcións que se poden executar mediante os comandos `gof.ks.test` e `gof.chisq.test`. O primeiro deles realiza o test de Kolmogorov-Smirnov (KS) mentres que o segundo leva a cabo un test chi-cadrado. Se ben o primeiro só é válido cando se consideran distribucións de probabilidade continuas, o segundo permite traballar con calquera tipo de distribución, sexa continua ou discreta. Ademais ambas funcións contemplan o caso no que a

distribución non estea completamente especificada, obrigando así a que se estimen os parámetros, ben a través do método dos momentos ou por máxima verosimilitude. É precisamente nestes casos onde a función `gof.ks.test` estende a idea do test de Lilliefors a outras distribucións.

Proporcionados os argumentos de entrada, ambas funcións proceden de forma similar: calculan o valor observado do estatístico de contraste xunto co p-valor ou nivel crítico asociado e proporcionan unha representación gráfica da distribución do estatístico baixo a hipótese nula, amosando o valor observado na mostra e a rexión de rexeitamento. Isto permite que a/o usuaria/o avalíe graficamente se existen evidencias estatisticamente significativas para rexeitar a hipótese nula.

En canto aos estatísticos de contraste, cada test mencionado presenta o seu. No caso do test KS, o estatístico recibe o nome de estatístico de Kolmogorov-Smirnov. Este é de distribución libre e, denotando por $F_n$ a función de distribución empírica da mostra, a súa expresión é

$$D_n = \underset{x\in\mathbb{R}}{sup}\,|F_n(x) - F_\theta(x)|.$$

Cando se estiman os parámetros, é necesario substituír na expresión anterior o parámetro $\theta$ pola estimación correspondente, $\widehat{\theta}$, de xeito que o estatístico deixa de ter distribución libre.

No test chi-cadrado, o estatístico calcúlase empregando a diferenza de frecuencias observadas e esperadas en cada categoría. Así, se a mostra se divide en $k$ categorías e se denotan por $O_i$ e $E_i$ as frecuencias observada e esperada en cada unha delas respectivamente, o estatístico vén dado por:

$$T = \sum_{i=1}^{k} \frac{(O_i - E_i)^2}{E_i}.$$

Como se ve en [2], o estatístico $T$ segue unha distribución chi-cadrado cuxos graos de liberdade dependen tanto do número de categorías como da estimación de parámetros.

A continuación proporciónanse dous exemplos.

**Exemplo 1.** Implementación do test de Kolmogorov-Smirnov con parámetros coñecidos.

Executando o código:

```
datos <- c(3.8, 0.1, 1, 0.25, 1.8, 3.9, 0.2, 3.5, 3, 0.3)
gof.ks.test(x = datos, dist = 'unif', theta = c(0,4))
```

obtense a saída seguinte e a representación gráfica que se amosa na Figura 1,

```
  Kolmogorov-Smirnov test (known parameters)

H0: data come from a Unif(0,4) distribution
Ha: data do not come from a Unif(0,4) distribution

data: datos
Dn = sup|Fn(x)-F0(x)|
alpha = 0.05
RR = (0.412, +Inf)
d_n,obs = 0.325, n = 10, p-value = 0.1885
```




Figura 1: distribución de $D_n$, rexión crítica e p-valor asociados ao Exemplo 1.

**Exemplo 2.** Implementación do test chi-cadrado con parámetros descoñecidos.

Executando o código:

```
datos <- c(22, 53, 58, 39, 20, 5, 2, 1)
gof.chisq.test(x = datos, dist = "pois", xnames = 0:7)
```

obtéñense a saída que se mostra a continuación e a representación gráfica que se presenta na Figura 2,

```
 Chi-squared test for goodness-of-fit

H0: data follows 'pois' distribution
Ha: data does not follow 'pois' distribution

Estimated parameters:
[1] 2.05

Chi.squared = sum {(Oi - Ei)^2 / Ei}
Chi.squared follows X^2_{k-1-q}
alpha = 0.05
t_obs = 2.03967
RR = (9.48773, +Inf)
p-value = 0.72846

Observed frequencies, Oi:
{0}        {1}        {2}        {3}        {4}   {5,6,7,...}
22         53         58         39         20             8

Expected frequencies, Ei:
{0}        {1}        {2}        {3}        {4}   {5,6,7,...}
25.75      52.78      54.10      36.97      18.95        11.46

Warning message:
In gof.test(x = datos, dist = "pois", xnames = 0:7) :
Grouping has been carried out as some Ei was less than 5
```




Figura 2: distribución de $T$, rexión de rexeitamento e p-valor para os datos do Exemplo 2.

## 3. COMPARACIÓN GRÁFICA ENTRE A ESTIMACIÓN DA FUNCIÓN DE DISTRIBUCIÓN E POSIBLES DISTRIBUCIÓNS POBOACIONAIS.

A función `plotDistribution` permite comparar visualmente como se axustan certos datos numéricos a unha distribución específica. En concreto pode representar as funcións de distribución, tanto a teórica indicada pola/o usuaria/o, coma a correspondente función estimada a partir da mostra proporcionada, e as respectivas funcións de densidade (ou masa de probabilidade se a distribución é discreta), permitindo así que a/o usuaria/o teña unha certa intuición antes de realizar un contraste de bondade de axuste como os que se presentan na Sección 2.

Para realizar ditas representacións gráficas empréganse ferramentas como o histograma, a función

de distribución empírica ou estimadores tipo núcleo da densidade. Ademais a función incorpora as estimacións dos parámetros que resulten precisos en cada caso. Preséntase a continuación un exemplo coa distribución normal:

**Exemplo 3.** Ilustración do comportamento da función `plotDistribution`.

Mediante o código,

```
set.seed(123)
sample.norm = rnorm(25, mean = 0, sd = 2)
plotDistribution(sample.norm, "norm", theta = c(0,2))
```

obtéñense as representacións gráficas da Figura 3.




Figura 3: representacións gráficas obtidas mediante a función `plotDistribution` para os datos do Exemplo 3.

# Referencias


[1] Borrajo, M. I., Conde-Amboage, M. e López-Pérez, A. (2025). LearningStats: Elemental Descriptive and Inferential Statistics. R package version 0.1.0, `https://CRAN.R-project.org/package=LearningStats`

[2] A. García Pérez e Vélez Ibarrola. (1993). *Principios de Inferencia Estadística*. Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED).

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# MODELAGEM PARA OTIMIZAÇÃO DE ESCALAS DE FISCAIS DE PROVA

Luciane Ferreira Alcoforado[1] e João Paulo Martins dos Santos[2]

[1,2]Academia da Força Aérea Brasileira

## RESUMO

A elaboração das escalas de fiscalização das provas finais na Divisão de Ensino da Academia da Força Aérea (AFA) envolve desafios específicos, como a exigência de que o docente responsável pela disciplina não participe da aplicação da respectiva avaliação. Além disso, essas escalas são formuladas semanalmente, respeitando restrições como disponibilidade dos docentes, carga horária, distribuição equitativa de tarefas e horários das provas. Para enfrentar essa complexidade, foi desenvolvido um modelo de otimização linear inteira, capaz de gerar escalas mais eficientes e justas. A alimentação do modelo foi viabilizada por meio da automação do processo de organização dos dados, utilizando *scripts* em linguagem R. Essa automação gerava, para cada prova, uma lista de docentes elegíveis com base nas restrições estabelecidas, permitindo ao escalante tomar a decisão final de forma manual. A modelagem proposta, por sua vez, substitui esse processo por uma abordagem sistemática e imparcial, eliminando subjetividades e otimizando a alocação dos fiscais. Até o momento, os testes realizados foram conduzidos com base em dados fictícios, com o objetivo de verificar se o modelo era capaz de entregar soluções compatíveis com os critérios esperados. Embora os resultados iniciais tenham sido promissores, ainda não foram aplicados em situações reais, sendo necessária uma etapa posterior de validação prática para confirmar sua eficácia operacional.

**Palabras e frases chave**: Otimização linear inteira, Escalas de fiscalização, Alocação de docentes, Modelagem matemática.

## 1. INTRODUÇÃO

O problema abordado neste trabalho emerge diretamente da rotina acadêmica da Divisão de Ensino da Academia da Força Aérea (AFA), responsável pela condução de três Cursos de Formação de Oficiais [1]: CFOAV (Aviadores); CFOINF (Infantaria) e CFOINT (Intendentes). O corpo discente é distribuído em quatro Esquadrões, correspondentes aos anos de formação, cuja programação acadêmica exige sincronização entre atividades curriculares e extracurriculares.
Dentre as atividades regulares, destaca-se a aplicação de avaliações escritas formais, que requerem a presença do fiscal de provas (docente ou instrutor que não ministra a disciplina em questão). A construção dessas escalas de fiscalização é realizada semanalmente e deve respeitar múltiplas restrições, como disponibilidade individual, carga horária, alocação em aula e indisponibilidades previamente declaradas. O conjunto de dados utilizado para representar esse contexto operacional é composto por planilhas no formato *.xlsx*, incluindo: (i) quatro arquivos com as programações semanais de cada Esquadrão; (ii) uma planilha com os docentes e instrutores disponíveis para fiscalização; (iii) uma planilha com a distribuição das disciplinas ministradas por instrutor, turma e esquadrão; e (iv) uma planilha de indisponibilidades por dia, preenchida pelos próprios docentes. Historicamente, o processo de construção da escala era realizado manualmente, exigindo inspeção individual de restrições para cada potencial fiscal. A automação inicial, implementada via *scripts*

[1]Consulte o Link para mais informações.

em linguagem R, permitia consolidar os dados em um único *dataframe* e gerar, para cada avaliação, uma lista de candidatos elegíveis com base nas restrições operacionais. A decisão final, no entanto, permanecia sob responsabilidade do gestor, o que introduzia riscos de erro humano e viés subjetivo. Com o objetivo de aprimorar esse processo, propôs-se a formulação de um modelo de programação linear inteira, capaz de gerar automaticamente a escala de fiscalização, minimizando o custo total de alocação e assegurando imparcialidade na seleção dos fiscais. A modelagem foi validada em uma base de dados fictícia, permitindo verificar a aderência das soluções geradas aos critérios esperados, embora ainda não tenha sido aplicada em ambiente operacional real.

## 2. FORMULAÇÃO DO MODELO MATEMÁTICO

O problema de alocação é formalizado como um problema de PLI (Programação Linear Inteira), baseado nos autores [1] e [2].

### 2.1. Conjuntos

- $I$: Conjunto de docentes, indexado por $i$.
- $J$: Conjunto de dias da semana, indexado por $j$.
- $K$: Conjunto de horários de início de fiscalização ($K = \{7h, 8h, 13h\}$), indexado por $k$.
- $A$: Conjunto de provas a serem fiscalizadas, indexado por $a$.

### 2.2. Parâmetros

- $DFa$: Duração da fiscalização da prova $a$ em horas (1 ou 2 horas).
- $DA_a$: Disciplina associada à prova $a$.
- $DP_a$: O dia da semana específico ($j \in J$) em que a prova $a$ será realizada.
- $HIP_a$: O horário de início específico ($k \in K$) em que a prova $a$ será realizada.
- $d_{i,j,k}$: Variável binária. É 1 se o docente $i$ está disponível para iniciar uma fiscalização no dia $j$ e horário $k$; 0 caso contrário.
- $e_{i,a}$: Variável binária. É 1 se o docente $i$ leciona a 'disciplina' relacionada à prova $a$; 0 caso contrário.
- $CD_i$: Carga horária didática atual do docente $i$.
- $CF_i$: Carga horária total de fiscalizações que o docente $i$ já realizou em um período anterior.
- $w_F$: Peso atribuído à duração da fiscalização na função objetivo. Um valor usual é 1.0.
- $w_D$: Peso atribuído à carga horária didática do docente na função objetivo, para priorização.
- $w_A$: Peso atribuído ao histórico de fiscalizações anteriores do docente na função objetivo, para priorização.
- $fs$: Número inteiro, o máximo de fiscalizações que um docente pode realizar em uma única semana. Por exemplo, 1, 2, etc.

### 2.3. Variável de Decisão

Como o dia e o horário de cada prova são fixos, a variável de decisão é formulada como:
$X_{i,a}$: Variável binária. É 1 se o docente $i$ é alocado para fiscalizar a prova $a$; 0 caso contrário.

### 2.4. Função Objetivo

O objetivo é minimizar a soma ponderada dos custos de alocação, incorporando a carga horária da fiscalização e os fatores de priorização (carga didática e fiscalizações anteriores dos docentes):

$$\text{Min} \sum_{i \in I} \sum_{a \in A} (w_F \cdot DF_a + w_D \cdot CD_i + w_A \cdot CF_i) \cdot X_{i,a}$$

### 2.5. Restrições

1. **Restrição de Disponibilidade do Docente:** Um docente só pode ser alocado para uma prova se estiver disponível no horário e dia de início da prova.

$$X_{i,a} \leq d_{i,DP_a,HIP_a} \quad \forall i \in I, \forall a \in A$$

2. **Restrição de Não Fiscalizar Disciplina Própria:** Um docente não pode fiscalizar uma prova da disciplina que ele leciona.

$$X_{i,a} \leq 1 - e_{i,a} \quad \forall i \in I, \forall a \in A$$

3. **Restrição de Atribuição de Provas:** Cada prova deve ser fiscalizada por exatamente um docente.

$$\sum_{i \in I} X_{i,a} = 1 \quad \forall a \in A$$

4. **Restrição de Ocupação de Horários:** Um docente não pode ser alocado para mais de uma fiscalização simultaneamente. Para cada docente, em cada dia e em cada *slot* de tempo de 1 hora, a soma das alocações deve ser no máximo 1.

Considerando os horários de início fixos (7h, 8h, 13h) e as durações (1h ou 2h), cada fiscalização ocupa um ou dois blocos de 1 hora. Seja $T_{slots}$ o conjunto de todos os blocos de 1 hora no qual uma fiscalização pode ocorrer, ou seja, $T_{slots} = (\{7h, 8h, 9h, 13h, 14h, 15h\})$. Seja $S(a)$ o conjunto de todos os slots de tempo de 1 hora ocupados pela prova $a$, ou seja, $S(a)$ inclui o horário de início da prova $a$ ($HIP_a$) e, se a duração da prova for de 2 horas ($DF_a = 2$), também o slot de tempo subsequente ($HIP_a + 1$).

$$\sum_{a \in A | DP_a = j \, e \, t \in S(a)} X_{i,a} \leq 1, \quad \forall i \in I, \forall j \in J, \forall t \in T_{slots}$$

5. **Rotatividade Semanal:** Garante que cada docente seja alocado para no máximo um número $fs$ de fiscalizações por semana. Se o contexto exigir 'uma única vez de preferência', pode definir $fs = 1$.

$$\sum_{a \in A} X_{i,a} \leq fs \quad \forall i \in I$$

6. **Domínio das Variáveis:** As variáveis de decisão são binárias: $X_{i,a} \in \{0, 1\} \quad \forall i \in I, a \in A$.

## 3. IMPLEMENTAÇÃO COM R

### 3.1 Gerenciamento dos dados

Semanalmente há uma demanda por organizar a fiscalização de provas. O setor responsável elabora, para cada esquadrão, um quadro de horários (arquivo PDF) com todas as disciplinas e avaliações previstas para a semana. A partir desses documentos, são extraídas as informações relevantes como datas, horários e disciplinas para compor a lista de provas a serem aplicadas. A tarefa do escalante consiste em atribuir a cada prova um docente elegível, respeitando as restrições descritas. Para viabilizar a aplicação do modelo de otimização proposto, é necessário estruturar os dados em planilhas específicas, tais como: `docentes.csv`; `provas.csv`; `disponibilidade.csv` e `ensina_disciplina.csv`.

### 3.2 Implementação do modelo

O *script* a seguir implementa um Modelo de Programação Linear Inteira (PLI) em R, utilizando o pacote *lpSolve* e algumas funções de elaboração própria, para otimizar a alocação de docentes em fiscalizações de provas. Seu objetivo principal é minimizar a carga total de fiscalização, incorporando critérios de priorização para docentes com menor carga horária didática e menor histórico de fiscalizações anteriores, enquanto garante a conformidade com diversas restrições operacionais e regulamentares.

```
#1.1 Carregar e preparar dados
dados <- carregar_e_preparar_dados(path_docentes = "docentes.csv",
  path_provas = "provas.csv",path_disponibilidade =
  "disponibilidade.csv",  path_ensina = "ensina_disciplina.csv", path_pesos = "pesos.csv")
#1.2 Definir conjuntos e parâmetros a partir dos dados carregados
I <- dados$df_docentes$ID_Docente; A <- dados$df_provas$ID_Prova
J <- unique(dados$df_disponibilidade$Dia_Semana);
K <- unique(dados$df_disponibilidade$Horario_Inicio)
T_slots <- c("7h", "8h", "9h", "13h", "14h") # Horários de início
MaxFiscalizacoesSemanais <- 1 # Parâmetro de rotatividade
#1.3. Definir nomes e número de variáveis de decisão
var_names <- paste0("X_", dados$expanded_vars$ID_Docente, "_", dados$expanded_vars$ID_Prova)
num_vars <- length(var_names)
#2. Construir função objetivo
c_obj <- construir_funcao_objetivo(dados$expanded_vars, dados$pesos)
#3. Construir restrições
restricoes <- construir_restricoes(dados$expanded_vars, num_vars, I, A, J, T_slots,
    MaxFiscalizacoesSemanais)
#4. Definir tipos de variáveis e limites
types <- rep("binary", num_vars);
lower_bounds <- rep(0, num_vars); upper_bounds <- rep(1, num_vars)
#5. Resolver o Modelo
solucao <- lpSolve::lp(direction = "min", objective.in = c_obj,
  const.mat = restricoes$A_matrix, const.dir = restricoes$dir,
  const.rhs =  restricoes$rhs, int.vec = 1:num_vars,
  binary.vec = 1:num_vars, all.bin = TRUE)
#6. Analisar Resultados
analisar_resultados(solucao, var_names, dados$df_docentes, dados$df_provas)
```

### 3.3 Exemplo de Saída

A tabela 1 fornece os dados de entrada do modelo de otimização linear. Alocações Finais obtidas pelo modelo são fornecidas na tabela 2.

Táboa 1: Resumo dos Dados de Entrada dos Docentes: Carga horária (em horas), Fisc. Anteriores(em horas), Disponibilidade (Dia Hora).

| ID do Docente | Carga Didática | Fisc. Anteriores | Disciplinas que Leciona | Disponibilidade (Dia Hora) |
|---|---|---|---|---|
| D001 | 40 | 3 | Disciplina5, Disciplina6, Disciplina9 | Seg 13h |
| D002 | 24 | 5 | Disciplina2, Disciplina9, Disciplina10 | Sex 7h |
| D003 | 28 | 8 | Disciplina6, Disciplina10 | Seg 7h; Seg 13h; Qui 13h; Sex 7h; Sex 13h |
| D004 | 23 | 9 | Disciplina1, Disciplina4, Disciplina6 | Qui 7h; Qui 13h; Sex 7h; Sex 8h |
| D005 | 12 | 10 | Disciplina3, Disciplina6 | Seg 7h; Seg 8h; Seg 13h; Sex 8h |
| D006 | 19 | 4 | Disciplina3, Disciplina8 | Seg 13h; Qui 8h; Sex 8h; Sex 13h |
| D007 | 27 | 2 | Disciplina7 | Seg 7h; Qui 7h; Qui 13h; Sex 13h |
| D008 | 31 | 10 | Disciplina2, Disciplina7, Disciplina10 | Qui 7h; Sex 7h; Sex 13h |
| D009 | 20 | 8 | Disciplina5, Disciplina7 | Seg 7h; Seg 8h; Qui 8h; Sex 8h; Sex 13h |
| D010 | 14 | 8 | Disciplina5, Disciplina8 | Seg 13h; Qui 7h; Qui 13h |

Táboa 2: Alocação Otimizada de Docentes para Fiscalização de Provas.

| Docente | Prova | Disciplina | Duracao Horas | Dia | Horario Inicio | Horario Final |
|---|---|---|---|---|---|---|
| D003 | P001 | Disciplina9 | 2 | Seg | 7h | 9h |
| D005 | P004 | Disciplina10 | 1 | Seg | 7h | 8h |
| D009 | P002 | Disciplina3 | 1 | Qui | 8h | 9h |
| D006 | P005 | Disciplina7 | 2 | Qui | 8h | 10h |
| D007 | P003 | Disciplina8 | 2 | Sex | 13h | 15h |

## 4. CONCLUSÕES

Apresentamos neste trabalho uma aplicação prática do modelo de programação linear inteira aplicado ao problema de alocação de docentes às escalas semanais de fiscalização de provas. Mostramos como a utilização da ferramenta computacional R auxiliou em todo o processo, desde o recebimento dos arquivos em PDF, a extração e organização dos dados para alimentar os parâmetros do modelo até finalmente obter a solução ótima e retornar uma tabela com as informações organizadas para divulgação final aos docentes escalados. Esperamos que os resultados possam auxiliar na automação do processo de escalas.


## AGRADECIMENTOS

À Academia da Força Aérea e ao prof. Dr. Humberto José Lourenção pelas contribuições ao modelo.


# Referencias


[1] Arenales, M., Armentano, V., Morabito, R., Yanasse, H. (2011). *Pesquisa Operacional*. Elsevier : ABEPRO, Rio de Janeiro.

[2] Fávero, L.P., Belfiore, P. (2013). *Pesquisa Operacional para Cursos de Engenharia*. Elsevier, Rio de Janeiro.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

**Web scraping de páxinas dinámicas. Automatizando o buscador con RSelenium.**

Martín García Cebeiro[1]

[1]Universidade de Santiago de Compostela

**RESUMO**

A análise de datos é unha disciplina que move o mundo de hoxe, pero para poder desempeñala, primeiro é necesario obter ditos datos. Os problemas aparecen cando non se ten acceso directo a unha base de datos xa confeccionada. Afortunadamente, resulta común que os datos que se desexan analizar aparezan recollidos nalgunha páxina web. O termo *web scraping* úsase para referirse ao proceso de recoller, de forma automática, datos ou outros elementos dunha páxina web a partir do seu código html.
Na XI Xornada de Usuarios de R en Galicia, Álvaro Theotonio presentou no seu relatorio "R, Webscraping e Open Science. Esquivando balas en Matrix." o procedemento para facer web scraping de páxinas web estáticas en R co uso do paquete `rvest` [1], e un dos obstáculos que menciona é precisamente as páxinas web dinámicas. Estas páxinas usan JavaScript para xerar o seu contido de forma dinámica cando, por exemplo, se pica nun botón, sen realizar cambios na dirección url. Este traballo pretende esquivar esta bala axudándonos do paquete `RSelenium` [2], que permite interactuar co buscador automaticamente dende R.

**Palabras e frases chave**: páxina web estática, páxina web dinámica, web scraping, html, url, JavaScript.

# Referencias

[1] Wickham H (2025). *rvest: Easily Harvest (Scrape) Web Pages*. R package version 1.0.5, https://rvest.tidyverse.org/.

[2] Harrison J, Kim J, Völkle J (2025). *RSelenium: R Bindings for 'Selenium WebDriver'*. R package version 1.7.9, https://docs.ropensci.org/RSelenium/.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# DA ABUNDANCIA Á EVIDENCIA: FLUXO DE TRABALLO PARA A ANÁLISE DIFERENCIAL DE DATOS ÓMICOS EN R

Julia García-Currás[1]

[1] Biostatech, Advice, Training & Innovation in Biostatistics, Ames; CITIC-Universidade da Coruña, A Coruña.

## RESUMO

As ómicas son disciplinas que analizan distintos tipos de moléculas dos organismos no seu conxunto, como son xenes, transcritos, proteínas, lípidos ou metabolitos, entre outros. Os datos ómicos son de alta dimensionalidade e un dos softwares máis utilizados para a súa análise é R. Tan estendido está o uso desta ferramente que dentro do ecosistema do propio R atópanse proxectos como *Bioconductor*, o cal proporciona paquetes reproducibles e específicos para cada tipo de ómica e análise, permitindo que estas sexan estandarizadas e transparentes. Unha das análises máis comúns con datos ómicos cuantitativos é a análise de abundancia diferencial, consistente na identificación das moléculas que presentan diferenzas entre as condicións ou grupos de estudo. Un fluxo de traballo típico para esta análise inclúe os seguintes pasos: preprocesado da matriz de cuantificación, identificación de moléculas diferencialmente abundantes con corrección por comparacións múltiples, caracterización funcional das anteriores e análise de agrupación. Este fluxo de traballo estándar permite identificar moléculas relevantes asociadas a condicións biolóxicas ou clínicas específicas, e o uso de R para a súa implementación axuda a acadar análises reproducibles e fiables.

**Palabras e frases chave:** ómicas, análise diferencial, bioinformática, *bioconductor*.

## 1. INTRODUCIÓN

Dende comezos deste século, a aparición, constante mellora e progresivo abaratamento das tecnoloxías de secuenciación e de análise masiva de moléculas biolóxicas deu lugar a aparición dunha nova disciplina en bioloxía: as **ómicas**, que estudan, de maneira global e masiva, diferentes capas moleculares dun organismo. Esta disciplina comprende tanto a xeración destes datos biolóxicos de grande dimensionalidade como a súa posterior análise estatística, a cal se pode facer grazas ao uso de diferentes ferramentas computacionais, entre as que destaca especialmente R.

As **vantaxes de R** como ferramenta de referencia na análise deste tipo de datos inclúen, entre outras, o feito de ser un software libre e gratuíto, cunha comunidade moi activa que desenvolve, mantén e mellora os diferentes paquetes de análise. Ademais, R conta con proxectos como *Bioconductor* que ofrece paquetes específicos e estandarizados para distintos tipos de datos ómicos, favorecendo a reproducibilidade. Cómpre salientar tamén a transparencia: as usuarias e usuarios desta linguaxe poden sempre consultar como se implementan os diferentes algoritmos, coñecer as opcións usadas e, en moitos casos, modificalas segundo as súas necesidades.

## 2. ANÁLISE DE ABUNDANCIA DIFERENCIAL

A análise de datos ómicos é diversa e depende en gran medida do tipo de moléculas analizadas e do deseño experimental. En xeral, para aquelas moléculas das que se pode cuantificar a súa abundancia, como é o ARN (transcriptómica), as proteínas (proteómica), os lípidos (lipidómica) ou os metabolitos (metabolómica), o procedemento máis común é a **análise de abundancia diferencial**, consistente en comparar para cada molécula analizada as súas cantidades entre dous ou máis grupos de estudo. Normalmente, compárase unha condición (como por exemplo, unha enfermidade) fronte a un control, co obxectivo de identificar aquelas moléculas alteradas en dita condición.

O fluxo de traballo adoita incluír pasos iniciais obrigatorios, como o **preprocesado dos datos**, e outros opcionais, como a **análise de agrupacións de moléculas ou mostras**, ou a avaliación das moléculas con abundancia diferencial en canto a súa **caracterización funcional** ou **capacidade de discriminación** das condicións de estudo. Ademais, o uso de R permite non só analizar os datos, senón tamén representar os resultados de forma clara e variada para facilitar a súa interpretación.

O fluxo de traballo estándar e os paquetes e/ou funcións de R asociadas a cada un destes pasos son os seguintes:

- **Preprocesado** dos datos para xestionar valores ausentes, filtrando por datos faltantes e imputando (`impute`[1]), e para eliminar variacións non atribuíbles á condición de estudo mediante a normalización (`normalyzerDE`[2], `vsn::justvsn`[3], `preprocessCore::normalize.quantiles`[4], `limma::normalizeCyclicLoess`[5]).
- **Identificación de moléculas diferencialmente abundantes** mediante probas estatísticas clásicas ou modelos lineais, empregando paquetes como `limma`[5] ou `DESeq2`[6] ou funcións básicas de R `stats::t.test`[7] e correxíndo os valores p resultantes por comparacións múltiples. Os resultados represéntanse mediante gráficos de volcán (`EnhanceVolcano`[8]).
- **Agrupacións** de mostras ou moléculas para descubrir subconxuntos con patróns similares, empregando técnicas non supervisadas coma a análise de compoñentes principais ou PCA (`pcaMethods::pca`[9], `factoextra`[10] para a representación gráfica dos resultados), ou o *clustering* xerárquico (`stats::dist`[7] e `stats::hclus`[7]). O resultado destas últimas represéntanse comunmente mediante mapas de calor e dendrogramas (`stats::heatmap`[7], `heatmaply`[11], `dendextend`[12], `circlize`[13]).
- **Análise funcional** ou de enriquecemento que permite determinar procesos ou funcións celulares enriquecidas entre as moléculas con abundancia diferencial (`clusterProfiler`[14], `AnnotationDbi`[15], `enrichplot`[16] para representar os resultados).
- Avaliación da **capacidade de discriminación** das moléculas con abundancia diferencial respecto aos grupos de estudo, usando modelos de aprendizaxe automática supervisados, incluídos en paquetes como `caret`[17], `glmnet`[18] ou `randomForest`[19].

## 3. CONCLUSIÓNS

Este fluxo de traballo estándar permite sacar o máximo proveito dos datos ómicos cuantitativos coa finalidade de identificar **biomarcadores candidatos** para unha determinada condición, que poden servir de diagnose, prognose ou diana farmacolóxica, así como identificar **funcións biolóxicas chaves** alteradas e implicadas no desenvolvemento dunha condición ou na resposta a unha determinada intervención. Ademais, este fluxo é **estensible e personalizable** para cada estudo e tipo de datos, podendo engadir, eliminar ou modificar metodoloxías segundo o deseño do mesmo.

Finalmente, **a utilización de R para analizar estes datos, e especialmente que estas análises se compartan** de forma pública en repositorios como GitHub, contribúe á **transparencia e reproducibilidade**, mellorando a comparabilidade e facilitando a integración e interpretación da información.


## AGRADECEMENTOS

Julia García-Currás é beneficiaria dunha beca predoctoral da Axencia Galega de Innovación, Xunta de Galicia, 2022-2026 (Ref. 23_IN606D_2022_2707220) e realiza un doutoramento industrial na compañía Biostatech e na Universidade da Coruña-CITIC. Moitas grazas a Gael Naveira Barbeito polo apoio e confianza.


**Referencias**


[1] Hastie T et al., (2024). *i*mpute: Imputation for microarray data. doi:10.18129/B9.bioc.impute

[2] Willforss J et al., (2018). NormalyzerDE: Online Tool for Improved Normalization of Omics Expression Data and High-Sensitivity Differential Expression *Analysis Journal of Proteome Research.*

[3] Huber W et al., (2002). Variance Stabilization Applied to Microarray Data Calibration and to the Quantification of Differential Expression. *Bioinformatics* Vol 18, S96-S104.

[4] Bolstad B (2024). preprocessCore: A collection of pre-processing functions. doi:10.18129/B9.bioc.preprocessCore

[5] Ritchie M et al. (2015). limma powers differential expression analyses for RNA-sequencing and microarray studies. *Nucleic Acids Research* Vol 43(7), e47.

[6] Love M et al., (2014). Moderated estimation of fold change and dispersion for RNA-seq data with DESeq2. *Genome Biology* Vol 15: 550.

[7] R Core Team (2024). R: A Language and Environment for Statistical Computing. R Foundation for Statistical Computing, Vienna, Austria.

[8] Blighe K et al., (2018). EnhancedVolcano: Publication-ready volcano plots with enhanced colouring and labeling.

[9] Stacklies W et al., (2007). pcaMethods -- a Bioconductor package providing PCA methods for incomplete data. *Bioinformatics* Vol 23, 1164-1167

[10] Kassambara A et al., (2020). factoextra: Extract and Visualize the Results of Multivariate Data Analyses.

[11] Galili T et al., (2017). heatmaply: an R package for creating interactive cluster heatmaps for online publishing. *Bioinformatics.*

[12] Galili T (2015). dendextend: an R package for visualizing, adjusting, and comparing trees of hierarchical clustering. *Bioinformatics*.

[13] Gu Z (2014). circlize implements and enhances circular visualization in R. *Bioinformatics*.

[14] Xu S et al., (2024). Using clusterProfiler to characterize multiomics data. *Nature Protocols*.

[15]Pagès H et al., (2025). AnnotationDbi: Manipulation of SQLite-based annotations in Bioconductor.

[16] Yu G (2024). enrichplot: Visualization of Functional Enrichment Result.

[17] Kuhn M (2008). Building Predictive Models in R Using the caret Package. J*ournal of Statistical Software* Vol 28(5): 1–26.

[18] Friedman J et al., (2010). Regularization Paths for Generalized Linear Models via Coordinate Descent. *Journal of Statistical Software* Vol 33(1): 1-22.18] Liaw A et al., (2002). Classification and Regression by randomForest. *R News* Vol 2(3): 18-22.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# TRABALLAR CON DATOS DE XEITO LIMPO E EFICIENTE COA LIBRARÍA *tidyverse*

Mª José Ginzo Villamayor[1]

[1]Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización. Universidade de Santiago de Compostela. Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

## RESUMO

O *tidyverse* é un conxunto de paquetes de R que comparte unha filosofía e unha estrutura de deseño común, pensada para facer o traballo con datos máis limpo, eficiente e reproducible. Baseado na noción de *tidy data* —cada columna é unha variable, cada fila unha observación—, o ecosistema do *tidyverse* integra ferramentas coherentes para a importación, transformación, visualización e comunicación dos datos.

Nesta presentación amosarase como empregar paquetes como `readr`, `dplyr`, `tidyr` e `ggplot2` para realizar un fluxo de traballo completo: desde a lectura de datos ata a súa visualización e resumo. Ilustrarase con exemplos prácticos e boas prácticas para mellorar a reproducibilidade e claridade das análises, facendo especial fincapé na integración co ecosistema R e na creación de código expresivo e transparente.

**Palabras e frases chave**: R, tidyverse, análise de datos, reproducibilidade, visualización, ciencia de datos.

## 1. INTRODUCIÓN

Nos últimos anos, o uso de R extendiuse de forma significativa nos ámbitos académico, científico e profesional, converténdose nunha ferramenta de referencia para a análise estatística, visualización e reproducibilidade. Dentro deste ecosistema, o *tidyverse*, e especialmente o paquete `dplyr`[1], destaca pola súa coherencia conceptual e pola capacidade para simplificar as tarefas comúns de manipulación de datos.

Un concepto clave no *tidyverse* é o dos **"tidy data"** (datos ordenados): cada columna representa unha variable, cada fila un caso ou observación, e cada celda contén un único valor. Este formato facilita a manipulación, agregación e visualización de datos, ademais de permitir un fluxo de traballo consistente con funcións de `dplyr` como `select()`, `filter()`, `mutate()` ou `group_by()`.

Un dos retos principais cando se traballa con datos reais é a súa heteroxeneidade: columnas con tipos incorrectos, valores ausentes, estruturas desordenadas ou datos replicados. O *tidyverse* aborda estes retos ofrecendo unha sintaxe consistente para transformacións comúns e fomentando un estilo de programación modular, transparente e facilmente documentable, favorecendo o traballo colaborativo e a reproducibilidade das análises.

Esta introdución proporciona o marco conceptual, e na sección seguinte descríbese de forma detallada o fluxo de traballo no *tidyverse*, mostrando como aplicar estas ferramentas a un conxunto de datos real de forma reproducible e eficiente.

[1]O paquete `dplyr` foi desenvolvido por Hadley Wickham de RStudio e é unha versión optimizada do seu paquete `plyr`. Non engade funcionalidades novas a R, xa que todo o que se pode facer con `dplyr` poderíase facer tamén coa sintaxe básica de R. A súa principal contribución é proporcionar unha "gramática"para a manipulación de `data frames` mediante verbos claros, permitindo comunicar de forma intuitiva o que se fai cos datos a outras persoas. Ademais, as funcións de `dplyr` son moi rápidas, implementadas en C++.




Figura 1: Fluxo de traballo no *tidyverse*: desde a lectura de datos, inspección, limpeza, transformación, agregación, visualización ata o reporte final. O diagrama compara tamén as funcións do *tidyverse* coas correspondentes de R base.

## 2. FLUXO DE TRABALLO E FERRAMENTAS PRINCIPAIS

O fluxo de traballo no *tidyverse* segue unha secuencia lóxica desde a lectura de datos, inspección, limpeza, transformación, agregación, visualización ata o reporte final (ver Figura 1). Este proceso faise principalmente usando funcións do paquete `dplyr`, que permiten seleccionar, filtrar, transformar, agrupar e resumir datos de forma eficiente.
Para ilustrar de forma máis sinxela cada etapa, na Figura 2 preséntase un fluxograma simplificado do proceso de manipulación de datos no *tidyverse*:
O fluxo de traballo pode describirse do seguinte xeito:

1. **Lectura:** con `read_csv()` ou `read_delim()` para importar os datos coas clases de columna adecuadas.
2. **Inspección inicial:** coas funcións `glimpse()`, `summary()` ou `head()` para coñecer a estrutura, valores extremos ou tipos de datos.
3. **Limpieza de datos faltantes:** usando `drop_na()`, `fill()` ou `replace_na()` para xestionar valores ausentes.
4. **Filtrado e selección:** `filter()` para quedarnos con filas relevantes, `select()` para eliminar columnas innecesarias.
5. **Creación de novas variables:** con `mutate()`, por exemplo para calcular medias, diferenzas ou transformadas de columnas existentes.
6. **Agrupación e resumo:** `group_by()` e `summarise()` para obter estatísticas agregadas segundo criterios xerais.




Figura 2: Fluxograma simplificado do proceso de manipulación de datos no *tidyverse*.

7. **Unión de datos:** con `left_join()` ou outras variantes para combinar con bases de datos externas ou adicionais.
8. **Reestruturación:** se é necesario, usar `pivot_longer()` ou `pivot_wider()` para adaptar o formato ao gráfico ou modelo.
9. **Uso do operador pipe (%¿%):** O operador pipe `%>%`, do paquete `magrittr`, permite encadear funcións de forma clara. O obxecto da esquerda pasa como primeiro argumento á función da dereita, mellorando a legibilidade do código. Exemplo:

   ```
   dados %>%
     select(idade) %>%
     filter(idade > 18) %>%
     summarise(media_idade = mean(idade, na.rm = TRUE))
   ```

   Se é necesario pasar o obxecto a un argumento diferente do primeiro, utilízase o punto (`.`) como marcador de posición.
10. **Visualización:** por exemplo:

    ```
    dados %>% group_by(categoria) %>%
      summarise(valor_medio = mean(valor, na.rm = TRUE)) %>%
      ggplot(aes(x = categoria, y = valor_medio)) +
      geom_col() +
      labs(title = "Exemplo de visualización agregada")
    ```

11. **Exportación ou reporte:** `write_csv()` ou creación dun informe reproducible con RMarkdown.

Tamén se poden incorporar figuras ou táboas que mostren os resultados antes e despois dunha transformación, ou comparativas entre métodos. Como se mostra na Figura 1, estas etapas seguen unha secuencia lóxica que facilita a reproducibilidade e a claridade na manipulación de datos.
Este fluxo será ilustrado na presentación mediante exemplos prácticos, mostrando paso a paso a aplicación das funcións do *tidyverse* sobre conxuntos de datos reais.

## 3. CONCLUSIÓNS

O *tidyverse* supón unha revolución conceptual na forma de traballar con datos en R. A súa coherencia interna, a súa sintaxe intuitiva e a súa ampla comunidade de usuarios contribúen a mellorar a reproducibilidade e a transparencia das análises. Ademais, a súa integración con outras ferramentas de R e co ecosistema de ciencia de datos en xeral convérteno nun recurso esencial tanto para a docencia como para a investigación aplicada.
O futuro do *tidyverse* pasa por seguir ampliando o seu alcance cara á modelización, o procesamento de datos espaciais e o traballo con grandes volumes de información, mantendo sempre o compromiso coa reproducibilidade e o código aberto.
En resumo, dominar o *tidyverse* non só facilita o traballo diario cos datos, senón que tamén prepara aos analistas e investigadores para afrontar retos crecentes en ciencia de datos de maneira eficiente, reproducible e colaborativa.


## AGRADECEMENTOS

Esta publicación forma parte da axuda PID2020-116587GBI00, financiada polo MCIN/AEI e polo FEDER, Unha maneira de facer Europa. Tamén contou co apoio da Xunta de Galicia, a través do Grupo de Referencia Competitiva ED431C 2021/24.


# Referencias


[1] Wickham, H., & Grolemund, G. (2017). *R for Data Science: Import, Tidy, Transform, Visualize, and Model Data*. O'Reilly Media. Dispoñible en: `https://r4ds.hadley.nz`

[2] Wickham, H., Averick, M., Bryan, J., Chang, W., McGowan, L., François, R., Grolemund, G., Hayes, A., Henry, L., Hester, J., Kuhn, M., Pedersen, T. L., Miller, E., Bache, S. M., Müller, K., Ooms, J., Robinson, D., Seidel, D. P., Spinu, V., Takahashi, K., Vaughan, D., Wilke, C., Woo, K., & Yutani, H. (2019). Welcome to the *tidyverse*. *Journal of Open Source Software*, 4(43), 1686. `https://doi.org/10.21105/joss.01686`

[3] Wickham, H. (2016). *ggplot2: Elegant Graphics for Data Analysis*. Springer-Verlag New York. Dispoñible en: `https://ggplot2.tidyverse.org`

[4] Wickham, H., François, R., Henry, L., & Müller, K. (2023). *dplyr: A Grammar of Data Manipulation*. R package version 1.1.4. Dispoñible en: `https://CRAN.R-project.org/package=dplyr`

[5] R Core Team (2025). *R: A Language and Environment for Statistical Computing*. R Foundation for Statistical Computing, Viena, Austria. Dispoñible en: `https://www.R-project.org`

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# Estimación de filamentos no plano mediante o uso da envoltura $r$-convexa. Aplicación a datos LiDAR

Héctor González-Vázquez[1], Beatriz Pateiro-López[1] e Alberto Rodríguez-Casal[1]

[1]Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización, Universidade de Santiago de Compostela; Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga).

**RESUMO**

O problema de estimación de filamentos consiste en reconstruír ou estimar a estrutura de curva ou filamento arredor da cal se distribúen un conxunto de puntos. Neste traballo introducimos un estimador de filamentos que se basea no estimador EDT (*Euclidean Distance Transform*) proposto orixinalmente por [1] e o mellora empregando unha condición de forma coñecida como a $r$-convexidade, que xeneraliza a convexidade e proporciona maior flexibilidade ao estimador. En concreto, propoñemos empregar como estimador piloto do soporte dos datos a envoltura $r$-convexa da mostra [3]. Desenvolvemos unha implementación en R do estimador proposto facendo uso do paquete `alphahull` [2], que permite calcular a envoltura $r$-convexa dun conxunto finito de puntos no plano. Tamén aplicamos o noso estimador a uns datos LiDAR (*Light Detection And Ranging*) do ámbito forestal para estimar o contorno de seccións horizontais de troncos de árbores, para o que facemos uso do paquete `lidR` [4, 5].

**Palabras e frases chave**: Estimación de filamentos; Envoltura $r$-convexa; LiDAR; alphahull; lidR.

**AGRADECEMENTOS**

O primeiro autor agradece o apoio económico da axuda de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia ED481A-2025-173, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027. Este traballo é parte do proxecto de I+D+i PID2020-116587GB-I00 financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033 e do proxecto ED431C 2025/03 financiado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

## Referencias

[1] Genovese, C. R., Perone-Pacifico, M., Verdinelli, I., Wasserman, L. (2012). The geometry of nonparametric filament estimation. *Journal of the American Statistical Association* 107(498), 788–799.

[2] Pateiro-López, B., Rodríguez-Casal, A. (2010). Generalizing the convex hull of a sample: the R package alphahull. *Journal of Statistical Software* 34(5), 1–28.

[3] Rodríguez-Casal, A. (2007). Set estimation under convexity type assumptions. *Annales de l'Institut Henri Poincaré - Probabilités et Statistiques* 43(6), 763–774.

[4] Roussel J., Auty D. (2025). *Airborne LiDAR Data Manipulation and Visualization for Forestry Applications*. R package version 4.2.1, `https://cran.r-project.org/package=lidR`.

[5] Roussel J., Auty D., Coops N. C., Tompalski P., Goodbody T. R., Meador A. S., Bourdon J., de Boissieu F., Achim A. (2020). lidR: An R package for analysis of Airborne Laser Scanning (ALS) data. *Remote Sensing of Environment* 251, 112061.

*XII Xornada de Usuarios de R en Galicia*
*Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2025*

# SIMULACIÓN DE ESCENARIOS DE MERCADO MEDIANTE MODELADO ESTOCÁSTICO EN R

Daniel Grande Fernández[1], Antón Seijo Barrio[1]

[1] Universidade de Santiago de Compostela (USC)

## RESUMO

This paper presents an applied approach to market scenario simulation using the R programming language. Based on the theoretical foundation of stochastic modeling of asset prices, our emphasis is placed on the practical implementation of simulations and the insights they provide. We show how freely available financial data (in our case, from BBVA) can be downloaded and processed in R, and how simple statistical tools allow us to estimate the necessary parameters. We will generate a wide range of possible future market trajectories results are visualized through R's graphical libraries, which make the uncertainty of financial markets more tangible. The study highlights the value of computational experimentation: even with basic models, simulation in R provides a clear and flexible way to explore potential outcomes and risks in financial markets.

**Palabras e frases chave**: Monte Carlo Simulation, Stochastic Calculus, Quantitative Finance, R (programming language).

## 1. INTRODUCIÓN

As **accións financeiras** son títulos de propiedade que representan unha parte proporcional do capital dunha empresa. Cando unha persoa ou institución merca unha acción, convértese en accionista e adquire dereito a participar nos beneficios (por exemplo, a través de dividendos) así como en determinadas decisións da compañía. O prezo dunha acción está determinado polo mercado, a través da oferta e da demanda, e recolle tanto o valor presente da empresa como as expectativas futuras sobre a súa evolución.

O estudo do comportamento das accións resulta fundamental en economía e finanzas, xa que constitúen un dos principais instrumentos de investimento. Non obstante, a súa dinámica é inherentemente incerta: factores económicos, políticos ou mesmo sociais poden afectar ao prezo dunha acción de maneira imprevisible. Esta natureza cambiante fai que resulte imposible predicir con exactitude o valor futuro dunha acción, e por iso xurdiu a necesidade de desenvolver modelos matemáticos que permiten aproximar e describir a súa evolución como un proceso aleatorio. Estes reciben o nome de **modelos estocásticos**.

Un dos modelos máis empregados é o chamado *movemento browniano xeométrico,* que vén dado pola solución da seguinte Ecuación Diferencial Estocástica (EDE):

$$dS_t = \mu S_t\, dt + \sigma S_t\, dW_t$$

Obtendo como solución:

$$S_t = S_0 \exp\left(\left(\mu - \frac{\sigma^2}{2}\right)t + \sigma W_t\right), \quad t \geq 0$$

Aquí $\sigma$ representa a volatilidade e $\mu$ o rendemento medio, un parámetro que reflicte a tendencia xeral do activo. Cómpre sinalar que tanto $\mu$ como $\sigma$ estímanse a partir dos datos históricos da acción, o cal nos dá unha idea razoable do comportamento típico do activo, mais tamén ten limitacións: nada garante que os patróns do pasado se manteñan no futuro, e de feito é moi probable que varíen co tempo.

Neste documento non se pretende falar sobre a importancia desta ecuación diferencial, mais é preciso mencionala xa que é a base teórica sobre a que se fundamentarán as simulacións que realizaremos a continuación.

## 2. METODOLOXÍA

O obxectivo central deste traballo é construír posibles escenarios de evolución para o prezo dalgún activo financeiro ao longo do tempo, tomando como referencia no noso caso os prezos das accións do banco BBVA. Para isto, seguiremos os seguintes pasos:

1. **Acceso ás bases de datos e extracción de parámetros**: empregamos a libraría `quantmod` en `R` para descargar desde *Yahoo Finance* as series históricas de prezos de peche axustados das accións de BBVA . Estes datos constitúen o punto de partida para a análise, xa que a súa evolución desde inicios de 2024 servirá de base para a estimación de $\mu$ e $\sigma$.

2. **Construción de camiños simulados**: a través da implementación numérica da EDE mediante pequenos incrementos, xeramos múltiples traxectorias aleatorias para o prezo da acción, onde cada camiño representa unha posible evolución distinta do activo ao longo do ano.

3. **Visualización e análise**: representamos graficamente algunhas das traxectorias. A partir delas, extráese información relevante coma o prezo esperado ou cuantís destacados, que serán tratados no seguinte apartado.

Todo este proceso permítenos analizar a información histórica dispoñible para obter unha imaxe clara da incerteza futura, facendo visibles tanto as oportunidades coma os riscos que implica investir nun activo como BBVA.

## 3. ANÁLISE DA SIMULACIÓN

Na Figura 1 obsérvanse múltiples traxectorias simuladas para o prezo das accións de BBVA ao longo dun ano bursátil real (252 días). Sobre a gráfica superpóñense as seguintes curvas:

- A esperanza teórica (azul discontinua): é o prezo esperado da acción en cada intre $t$, é dicir, a curva que vén dada pola seguinte función: $\mathbb{E}[S_t] = S_0 e^{\mu t}$

- A media empírica (vermella): é a media mostral do prezo da acción entre tódalas simulacións para cada instante $t$. Como podemos observar, atópase moi preto do valor teórico esperado, o que apunta a unha correcta execución do método.

- A mediana empírica (verde): liña que separa o 50 % dos resultados máis baixos dos máis altos. É interesante destacar que a curva da mediana sitúase lixeiramente por debaixo da media, xa que o valor elevado das simulacións máis optimistas non inflúe no cálculo da mediana.

